

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 520** *Orde PCM/6/2021, do 11 de xaneiro, pola que se regulan para a Garda Civil as normas da organización e funcionamento dos seus centros docentes de formación e o réxime do seu alumnado, e os requisitos xerais e as condicións do exercicio do profesorado nos seus centros docentes.*

ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións comúns.
- Artigo 1. Obxecto.
Artigo 2. Ámbito de aplicación.
Artigo 3. Da incompatibilidade de ser profesor e alumno.
Artigo 4. Procesos internos de xestión electrónicos.
- Título I. Normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Garda Civil.
- Capítulo I. Organización dos centros docentes de formación.
- Artigo 5. Estrutura básica dos centros docentes de formación.
- Sección 1.^a Órganos e cargos de goberno.
- Artigo 6. Das clases de órganos e cargos de goberno.
Artigo 7. Do director.
Artigo 8. Do subdirector xefe de Estudos.
Artigo 9. Doutras posibles subdirectores.
Artigo 10. Da Xunta de Profesores.
Artigo 11. Da Xunta Docente.
Artigo 12. Da Xunta de Coordinación co Centro Universitario da Garda Civil.
Artigo 13. Do secretario do centro.
- Sección 2.^a Unidades de administración e de apoio ao ensino.
- Artigo 14. Das unidades de administración, servizos e apoio.
Artigo 15. Das unidades de apoio ao ensino.
Artigo 16. Do Gabinete de Orientación Educativa.
- Sección 3.^a Cargos académicos.
- Artigo 17. Das clases de cargos académicos.
Artigo 18. Do secretario de Estudos.
- Capítulo II. Dos departamentos e das seccións departamentais.
- Artigo 19. Da composición dos departamentos.
Artigo 20. Da súa constitución.
Artigo 21. Do xefe de departamento ou sección departamental.
Artigo 22. Das competencias do xefe de departamento ou sección departamental.

- Artigo 23. Das competencias do xefe do Departamento de Instrución e Adestramento.
Artigo 24. Das funcións dos departamentos ou seccións departamentais.
Artigo 25. Das funcións do Departamento de Instrución e Adestramento.
Artigo 26. Da adscripción de profesores a outro departamento.
Artigo 27. Das regras de funcionamento dos departamentos e seccións departamentais.
- Capítulo III. Réxime interior dos centros docentes.
- Artigo 28. Normas de réxime interior dos centros docentes de formación.
Artigo 29. Contidos das normas de réxime interior dos centros docentes de formación.
- Capítulo IV. Programación do curso.
- Artigo 30. Programas de estudos.
Artigo 31. Procedemento de elaboración, aprobación e modificación dos programas.
Artigo 32. Calendario de actividades.
Artigo 33. Da programación docente de cada departamento.
Artigo 34. Da memoria anual do centro docente.
- Título II. Réxime do alumnado dos centros docentes de formación da Garda Civil.
- Capítulo I. Normas xerais.
- Artigo 35. Condición de alumno.
Artigo 36. Alumnos estranxeiros.
Artigo 37. Empregos eventuais.
Artigo 38. Réxime dos alumnos coa condición de militar adquirida previamente ao ingreso.
- Capítulo II. Réxime xeral do alumnado.
- Artigo 39. Obxectivos.
Artigo 40. Réxime de vida.
Artigo 41. Horario e réxime de actividades.
Artigo 42. Uniformidade.
Artigo 43. Encadramento.
Artigo 44. Gardas e servizos.
Artigo 45. Protección social, retribucións, vestiario, aloxamento e alimentación.
Artigo 46. Vacacións, permisos e licenzas.
Artigo 47. Actividades extraescolares.
- Capítulo III. Dereitos e deberes do alumnado.
- Artigo 48. Dereitos.
Artigo 49. Deberes.
Artigo 50. Dereitos académicos.
Artigo 51. Deberes académicos.
- Capítulo IV. Das infraccións de carácter académico.
- Artigo 52. Infraccións de carácter académico.
Artigo 53. Correccións das infraccións de carácter académico.
Artigo 54. Competencia e procedemento para efectuar correccións ás infraccións de carácter académico.
Artigo 55. Competencia para dirixir amoestacións escritas e casos en que proceden.
Artigo 56. Efectos e constancia das correccións por infraccións de carácter académico.
Artigo 57. Reclamación fronte a amoestacións escritas.

Capítulo V. Réxime disciplinario.

Artigo 58. Lexislación aplicable.

Artigo 59. Da competencia disciplinaria.

Capítulo VI. Avaliación e cualificacións.

Artigo 60. Disposicións xerais.

Artigo 61. Información aos alumnos en relación coa avaliación.

Artigo 62. Revisión de cualificacións.

Capítulo VII. Perda da condición de alumno do ensino de formación.

Artigo 63. Causas.

Artigo 64. Baixa por petición propia.

Artigo 65. Baixa por insuficiencia de condicións psicofísicas.

Artigo 66. Baixa por non superación das probas previstas nos plans de estudos.

Artigo 67. Baixa por carencia das calidades profesionais en relación cos principios, valores e código de conduta do garda civil.

Artigo 68. Baixa por incumprimento das condicións para o ingreso.

Artigo 69. Baixa por imposición de sanción disciplinaria ou sentenza condenatoria por delito doloso.

Artigo 70. Procedemento para a resolución de baixa de alumnos de formación.

Artigo 71. Situación dos alumnos que causan baixa.

Artigo 72. Suspensión da condición de alumno.

Artigo 73. Situación dos alumnos que ingresen noutro centro docente.

Título III. Requisitos xerais e condicións do exercicio do profesorado dos centros docentes da Garda Civil.

Capítulo I. Normas xerais.

Artigo 74. Da consideración de profesor.

Artigo 75. Das clases de profesorado.

Artigo 76. Do recoñecemento da competencia.

Artigo 77. Da aptitude pedagóxica.

Artigo 78. Da memoria anual sobre o profesorado.

Artigo 79. Dos instrutores, monitores e auxiliares.

Artigo 80. Dos conferenciantes.

Capítulo II. Do profesorado.

Artigo 81. Dos profesores titulares.

Artigo 82. Dos profesores de número.

Artigo 83. Dos profesores eméritos.

Artigo 84. Dos profesores honoríficos.

Artigo 85. Dos profesores visitantes.

Artigo 86. Dos profesores asociados.

Artigo 87. Dos profesores colaboradores.

Capítulo III. Da selección, permanencia e cesamento do profesorado.

Artigo 88. Da selección de profesores pertencentes á Garda Civil ou ás Forzas Armadas.

Artigo 89. Do tempo de permanencia do profesorado ordinario pertencente á Garda Civil ou ás Forzas Armadas.

Artigo 90. Da selección do profesorado civil.

Artigo 91. Do tempo de permanencia do profesorado extraordinario.

Artigo 92. Sobre distintas causas de cesamento nos postos de profesor.

Artigo 93. Continuidade nos postos de profesor.

Capítulo IV. Dos profesores titores.

Artigo 94. Dos profesores titores.

Artigo 95. Da selección dos profesores titores.

Artigo 96. Da designación dos profesores titores.

Artigo 97. Das funcións dos profesores titores.

Artigo 98. Das obrigacións de titoría e de coordinación da actividade dos profesores titores.

Capítulo V. Dos dereitos, deberes e obrigacións do profesorado.

Artigo 99. Dos dereitos.

Artigo 100. Dos deberes.

Artigo 101. Do réxime de dedicación do profesorado.

Artigo 102. Obrigacións docentes e de asistencia ao alumnado.

Artigo 103. Doutras obrigacións de determinados profesores.

Artigo 104. Da exención de obrigacións docentes.

Artigo 105. Da mobilidade para o exercicio de actividades docentes ou investigadoras.

Capítulo VI. Do control do cumprimento dos deberes e obrigacións do profesorado.

Artigo 106. Comprobación do cumprimento de obrigacións.

Artigo 107. Réxime disciplinario.

Capítulo VII. Das vacacións, permisos e licenzas do profesorado.

Artigo 108. Do réxime xeral.

Artigo 109. Do profesorado acollido ao réxime de dereitos e deberes da Garda Civil e das Forzas Armadas.

Artigo 110. Do profesorado civil.

Disposición adicional primeira. Alumnos que ingresasen por acceso directo no centro docente de formación para a incorporación á escala de oficiais.

Disposición adicional segunda. Ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.

Disposición adicional terceira. Do Centro Universitario da Garda Civil.

Disposición adicional cuarta. Persoal destinado nos centros docentes militares das Forzas Armadas.

Disposición adicional quinta. Adaptación de postos orgánicos de profesor.

Disposición transitoria única. Implantación das normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Garda Civil.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento. Normas xerais de réxime interior dos centros docentes da Garda Civil.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Anexo. Fórmulas de nomeamento de profesor de número, visitante ou asociado.

A publicación da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, recolleu as novidades introducidas, entre outras, pola Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e pola Lei 3/2007, do 23 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, actualizando os sistemas de ensino e promoción profesional dos seus membros, todo iso baseándose na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e, dada a natureza militar do dito instituto armado e a condición militar dos seus membros, na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Segundo se determina no preámbulo da Lei 29/2014, do 28 de novembro, o obxectivo é establecer un sistema integral en que, sendo o elemento humano o máis importante, se posibilite un adecuado proceso de selección, se proporcione a necesaria formación, tanto inicial como ao longo de toda a vida profesional, e se brinden suficientes oportunidades de promoción.

Do mesmo modo, debe facilitarse unha xestión eficiente dos recursos humanos, co obxectivo último de dispoñer de homes e mulleres capacitados para dar resposta ás funcións asignadas á Garda Civil e ás necesidades de seguridade dos cidadáns.

A propia lei establece o ensino como un elemento fundamental no réxime de persoal que se pretende establecer e con esta norma experimentábase unha importante reforma, o que supón un avance na adaptación do sistema de ensino da Garda Civil ao sistema educativo español e unha integración da formación dos oficiais á reordenación dos títulos universitarios, coa existencia dun título de grao para o acceso á escala de oficiais, imprescindibles para seguir proporcionando a aqueles as competencias necesarias para o seu exercicio profesional.

Para alcanzalo, o ensino na Garda Civil artículase en cinco elementos clave: proceso de selección e acceso, plans de estudo e titulacións, centros docentes, alumnos e profesorado.

As modificacións no ámbito do ensino previstas na Lei 29/2014, do 28 de novembro, son de tal importancia que comportaron a revisión de todo o sistema de ensino da Garda Civil, que se viu reflectido no Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo.

O citado regulamento establece que os ministros de Defensa e do Interior aprobarán o réxime do alumnado dos centros docentes da Garda Civil, así como as normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Garda Civil, e establece, na súa disposición derradeira segunda, que se determinarán conxuntamente os requisitos xerais do profesorado dos centros da estrutura docente da Garda Civil.

Estes tres aspectos regúlanse nunha única norma ao encontrárense intimamente ligados e formaren parte do todo unitario que é o sistema do ensino na Garda Civil.

As normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación establecen as normas xerais polas que se deben rexer os seus órganos de goberno e administración, así como deben servir de referencia para os centros docentes de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.

A xa sinalada adaptación ao sistema educativo español demanda a presenza dos departamentos ou seccións departamentais na estrutura docente da Garda Civil, como ocorre no ensino universitario e no de formación profesional, todo iso sen prexuízo das peculiaridades propias do ensino no corpo.

Respecto á coordinación de todas as ensinanzas incluídas en cada plan de estudos ou currículo de formación, establécese a obriga de fixar un calendario de actividades que integrará aquelas correspondentes aos títulos que se impartan e á formación militar, de corpo de seguridade e, se for o caso, técnica.

Esta nova concepción da docencia no seo da Garda Civil ten unha enorme incidencia en todos os aspectos formativos polos que deben transitar os alumnos dos centros docentes de formación, fundamentalmente en todo aquilo relativo ao seu réxime de vida.

Por todo canto se describiu anteriormente, os alumnos estarán suxeitos ao réxime interior dos centros docentes de formación en que cursen os seus estudos, polo que se fai necesario o establecemento dun corpo normativo sobre o que descansa a súa protección.

Así pois, nesta orde desenvólvese o concerner ao acceso e á condición de militar dos alumnos dos centros docentes de formación, e aos seus dereitos e obrigacións; ao seu sometemento ás leis penais e disciplinarias militares, diferenciándoas das infraccións meramente académicas, como se prevé na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil; á concesión de determinados empregos eventuais, ao réxime de vida, ao horario, ás vacacións, permisos e licenzas que poderán gozar, así como á protección da maternidade, e, finalmente, ás avaliacións e cualificacións, xunto coa perda e suspensión da condición de alumnos.

Respecto ao profesorado, o seu labor considérase de suma importancia por canto constitúe a base e o fundamento sobre os que se asentan os principios de actuación dos gardas civís no desempeño das súas funcións en beneficio da sociedade, e merece o recoñecemento profesional e a prioridade no exercicio desa función que, por tanto, lle corresponde, e por iso esta orde contén criterios para a adecuación dos postos de traballo aos requisitos exixidos para o profesorado. De igual modo, prevense os diferentes tipos de profesores, xa sexan funcionarios civís ou militares, que poderán exercer as funcións contidas nestas normas, tanto nos centros docentes como no Centro Universitario da Garda Civil, e regúlanse os procedementos e, se for o caso, as fórmulas para o seu nomeamento.

Finalmente, dítanse as normas para a selección, permanencia e cesamento do profesorado, así como o seu réxime de dereitos, deberes e obrigacións. Tamén se inclúen as funcións dos profesores titulares, a súa dedicación e designación.

A norma adecúase aos principios de boa regulación de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por último, e en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, esta orde foi sometida ao informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións comúns

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten como obxecto regular a organización e funcionamento e o réxime do alumnado dos centros docentes de formación da Garda Civil e os requisitos xerais e as condicións do exercicio do profesorado dos centros docentes da Garda Civil.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto nesta orde será de aplicación aos centros docentes de formación da Garda Civil enumerados no artigo 68 do Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, aprobado polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo (en diante, o Regulamento), e ao seu alumnado.

Cando nun centro docente se imparta tanto ensino de formación como de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais, este clasificarase como centro docente de formación.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os requisitos xerais e as condicións do exercicio do profesorado establecidos no título III serán de aplicación a todo o profesorado e ao persoal de apoio á docencia que, ao impartir ensinanzas de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais, exerzan as súas funcións en calquera centro docente da Garda Civil.

Artigo 3. *Da incompatibilidade de ser profesor e alumno.*

1. Os profesores ordinarios, segundo se definen no artigo 75, non poderán ser ao mesmo tempo profesor e alumno naqueles cursos en que algunha das súas materias estea a cargo do departamento a que pertencen.

2. En todo caso, non poderán exercer como profesor nos seguintes cursos no caso de que sexan alumnos:

a) Cursos de perfeccionamento do profesorado en innovacións relacionadas coas materias vinculadas ao seu departamento.

b) Cursos de capacitación para o desempeño das funcións das categorías ou empregos superiores.

c) Cursos do ensino de formación.

d) Os profesores que sexan nomeados alumnos destes cursos cesarán nas súas funcións de profesor, sen prexuízo do seu destino, ata a finalización do curso correspondente.

Artigo 4. *Procesos internos de xestión electrónicos.*

Os centros docentes de formación realizarán todos os procesos de xestión interna a través da plataforma electrónica e esta será a usada para calquera trámite que se realice entre o centro, o profesorado e o alumnado, salvo aqueles que pola súa natureza deban ser realizados por outro medio.

TÍTULO I

Normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Garda Civil

CAPÍTULO I

Organización dos centros docentes de formación

Artigo 5. *Estrutura básica dos centros docentes de formación.*

1. Os centros docentes de formación terán a seguinte estrutura básica:

- a) Dirección.
- b) Subdirección Xefatura de Estudos.
- c) Departamentos e seccións departamentais, se for o caso.
- d) Unidades de administración, servizos e apoio.
- e) Secretaría do centro.

2. Poderase establecer unha dirección única para máis dun centro docente de formación ou constituírse dúas ou máis seccións por cada un dos ditos centros.

3. Nos centros docentes de formación da Garda Civil existirán órganos e cargos de goberno, así como cargos académicos.

Sección 1.ª Órganos e cargos de goberno

Artigo 6. *Das clases de órganos e cargos de goberno.*

1. Nos centros docentes de formación existirán como órganos de goberno os órganos unipersoais e os órganos colexiados que se citan a seguir.

2. Os órganos unipersoais son os seguintes:

- a) Director.
- b) Subdirector xefe de Estudos.
- c) Outros posibles subdirectores.
- d) Secretario do centro.

3. Como órganos colexiados, en cada centro docente de formación da Garda Civil constituirase a Xunta de Profesores, e pode constituírse, en asuntos relativos ao ensino, unha xunta docente. Así mesmo, poderá existir unha xunta de coordinación co Centro Universitario da Garda Civil.

Estes órganos axustarán o seu funcionamento ao previsto no título preliminar, capítulo II, sección 3.ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 7. *Do director.*

1. O mando, a dirección e o goberno dos centros docentes de formación serán exercidos polo seu director, que será a máxima autoridade do centro.
2. Os directores terán categoría de oficial xeneral ou oficial en situación de servizo activo.
3. Ao director do centro correspóndelle:
 - a) Exercer as funcións de dirección.
 - b) Desempeñar a representación do centro.
 - c) Informar e efectuar a proposta de designación do seu profesorado, cando así se dispoña nas normas que regulan a provisión de destinos na Garda Civil, así como adscribilo a cada departamento.
 - d) Desempeñar as competencias de carácter xeral asignadas aos xefes de unidade e as de carácter disciplinario que lle correspondan.
 - e) Propiciar as actividades que impulsen as relacións externas do centro de carácter educativo e cultural e as que contribúan ao coñecemento social da Garda Civil.
 - f) Nomear os cargos académicos do centro que lle corresponda de acordo con esta orde.
 - g) Propoñer a programación das actividades docentes dos diferentes cursos que se impartan no seu centro.
 - h) Aprobar o plan de acción tutorial.
 - i) Aprobar as propostas que realicen o xefe de Estudos e o resto dos órganos do centro no ámbito das súas competencias.
4. O director poderá contar cunha unidade auxiliar de dirección cuxa xefatura recaerá no secretario do centro.

Artigo 8. *Do subdirector xefe de Estudos.*

1. Un subdirector, con categoría de oficial de emprego inferior ao do director, terá ao seu cargo a Xefatura de Estudos en cada centro docente de formación.
2. Corresponderán ao subdirector xefe de Estudos as seguintes funcións:
 - a) Elaborar a programación das actividades docentes do centro e coordinar e supervisar a súa execución.
 - b) Propoñer ao director as innovacións educativas que se van introducir no proceso de ensino e aprendizaxe e avaliar as que se leven a cabo.
 - c) Concretar os obxectivos das materias e os métodos máis adecuados para alcanzalos.
 - d) Controlar e avaliar a actividade docente do centro, de acordo coas normas que regulen a avaliación da calidade do ensino na Garda Civil.
 - e) Propoñer ao director do centro os criterios que conduzan á mellor selección, formación e perfeccionamento de profesores, así como dos instrutores, monitores e auxiliares, se for o caso.
 - f) Propoñer ao director do centro os docentes que se deben adscribir a cada departamento, así como a adscripción temporal, a un departamento, de profesores pertencentes a outro ou outros departamentos.
 - g) Designar, por proposta do xefe de departamento ou sección departamental, o secretario a que se refire o artigo 21.3.
 - h) Xestionar e controlar a actividade dos profesores, así como dos instrutores, monitores e auxiliares, se for o caso.
 - i) Coordinar a actividade dos departamentos e recibir e elevar ao director do centro os informes e as propostas destes, así como asesoralo sobre uns e outras.
 - j) Designar o profesorado que exercerá funcións de titoría, así como dirixir e coordinar o seu traballo, mantendo as reunións periódicas necesarias.

k) Supervisar a actividade da unidade de encadramento dos alumnos que se estableza para cada centro docente de formación segundo as súas normas de réxime interior.

l) Asegurar a implantación e o cumprimento dos procesos no seu ámbito de responsabilidade.

m) Coordinar, se for o caso, co resto de xefaturas do centro a realización de actividades.

n) Realizar no nivel das súas competencias as actividades de coordinación co Centro Universitario da Garda Civil, en relación coas ensinanzas universitarias que imparta este centro e de acordo cos criterios establecidos pola Xunta de Coordinación.

o) Presidir, cando se constitúa e afecte o seu ámbito de responsabilidade, a Xunta Docente.

p) Exercer a competencia disciplinaria do xefe de Estudos e a de propoñer ao director do centro o nomeamento dos profesores que ocupen os cargos académicos baixo o seu ámbito de responsabilidade.

q) Aqueloutras que lle atribúa esta orde ou o director do centro.

3. O subdirector xefe de Estudos poderá contar cunha unidade administrativa da xefatura coa denominación que, se for o caso, se estableza.

4. O subdirector xefe de Estudos exercerá a representación do director do centro na súa ausencia ou nos supostos que este determine.

Artigo 9. *Doutros posibles subdirectores.*

1. Cando pola dimensión ou pola complexidade do centro docente de formación, ou por impartirse nel máis dun tipo de ensino resulte aconsellable, poderá existir máis dun subdirector, ben para desempeñar funcións distintas das atribuídas ao xefe de Estudos ben para realizar parte destas últimas.

2. Tales subdirectores deberán ter a categoría de oficiais de emprego inferior ao do director.

3. No desempeño das súas funcións cada subdirector poderá contar cunha unidade administrativa coa denominación que, se for o caso, se estableza.

Artigo 10. *Da Xunta de Profesores.*

1. A Xunta de Profesores do centro terá como fin ser un órgano colexiado de carácter asesor e consultivo do seu director para asuntos relacionados con resultados académicos, actividades alleas á docencia e outros temas que lle encomende o director do centro.

2. A Xunta de Profesores, convocada e presidida polo director do centro, poderá funcionar en pleno, coa totalidade dos profesores que presten os seus servizos no centro, ou nas comisións que se establezan.

3. O pleno ou as comisións da Xunta de Profesores reuniranse sempre que os convoque o director do centro; en todo caso, serán preceptivas unha sesión do pleno ao principio do curso e outra ao final deste.

4. O secretario do centro exercerá as funcións de secretario no pleno. Todos os profesores actuarán como vogais.

5. A Xunta de Profesores terá as funcións de asesoramento e consulta do director do centro sobre os seguintes asuntos:

a) Programación xeral do centro e, en particular, a das súas actividades docentes e investigadoras.

b) Análise das actividades do curso finalizado e proposta de modificacións que se van introducir nas ditas actividades para o curso seguinte.

c) Fixación e coordinación de criterios xerais sobre avaliación dos alumnos e recuperación de disciplinas ou materias pendentes.

d) Promoción de iniciativas no ámbito da investigación pedagóxica e da metodoloxía do ensino.

- e) Desenvolvemento e coordinación das actividades extraescolares.
- f) Calquera outro que decida someter á súa consideración o director do centro.

Artigo 11. *Da Xunta Docente.*

1. A Xunta Docente terá como fin ser un órgano colexiado de carácter asesor e consultivo en asuntos relativos ao ensino.

2. A Xunta Docente estará integrada polo seguinte persoal:

- a) Presidente da Xunta: o subdirector xefe de Estudos.
- b) Secretario da Xunta: o secretario de Estudos.
- c) Vogais: os subdirectores e os xefes dos departamentos e seccións departamentais convocados.

3. Cando nas cuestións que se van dilucidar se encontre implicada unha materia que sexa competencia do Centro Universitario da Garda Civil, serán tamén integrantes da Xunta, se for o caso:

- a) Vicepresidente da Xunta: o subdirector ou o secretario do Centro Universitario da Garda Civil en caso de ausencia do anterior.
- b) Vogais: os directores das áreas departamentais do Centro Universitario da Garda Civil convocados.

4. Cando así o determine o director do centro, constituirase a Xunta Docente. O presidente da Xunta Docente poderá convocar os profesores cuxa presenza considere necesaria nas reunións que manteña.

5. Corresponden á Xunta Docente as seguintes funcións:

- a) Supervisar a aplicación correcta desta orde.
- b) Resolver as posibles reclamacións de carácter académico dos alumnos.
- c) Valorar os casos en que haxa que considerar determinadas situacións especiais do alumnado relacionadas co seu plan de estudos ou currículo de formación.
- d) Deseñar o plan de matrícula dos alumnos, cando así derive do correspondente currículo de formación ou plan de estudos.

6. As propostas da Xunta Docente deberán ser elevadas, cando proceda, ao director do centro docente para a súa resolución, se for o caso.

Artigo 12. *Da Xunta de Coordinación co Centro Universitario da Garda Civil.*

1. Nos centros docentes de formación onde o Centro Universitario da Garda Civil imparta ensinanzas universitarias existirá unha xunta de coordinación cuxas finalidades serán as de compatibilizar as actividades que van desenvolver o centro docente de formación e o Centro Universitario da Garda Civil e de establecer os criterios para o seu funcionamento, así como os necesarios apoios mutuos en determinados servizos, infraestruturas e subministracións.

2. Estará composta de maneira paritaria polo persoal designado polo director do centro docente e polo director do Centro Universitario da Garda Civil en función da natureza dos asuntos que se coordinan.

3. A presidencia e a responsabilidade da coordinación recaerá no director do centro docente, quen elevará ao xefe do Mando de Persoal as controversias que xurdan no seu seo para a resolución que considere oportuna.

4. O director do centro docente nomeará, entre o persoal por el designado, un secretario da Xunta.

Artigo 13. *Do secretario do centro.*

1. O secretario do centro terá a categoría de oficial e será nomeado polo director do centro.
2. Corresponderá ao secretario do centro:
 - a) Auxiliar de forma inmediata o director do centro.
 - b) Actuar como secretario da Xunta de Profesores.
 - c) Custodiar a documentación académica do centro, incluída a que estea clasificada, así como os distintos arquivos existentes no centro.
 - d) Reunir, ordenar e custodiar a información que debe figurar no historial profesional dos alumnos, así como remitila aos organismos pertinentes que a soliciten.
 - e) Expedir as certificacións en materia académica que soliciten as autoridades e os interesados, una vez que os alumnos finalizasen o seu correspondente período de formación.
 - f) Calquera outra función que lle encomende o director.

Sección 2.ª Unidades de administración e de apoio ao ensino

Artigo 14. *Das unidades de administración, servizos e apoio.*

1. Os centros docentes de formación terán as unidades de administración, servizos e apoio segundo determine o director do centro, agrupadas nunha ou en máis xefaturas. Non obstante, cando varios centros docentes de formación compartan un mesmo recinto e a súa entidade así o aconselle, as referidas xefaturas poderán agruparse, pola súa vez, nunha ou en varias comúns aos ditos centros ou a parte deles.

A estas unidades correspóndelles a xestión, a coordinación e o control dos recursos e do apoio loxístico necesario para o cumprimento das funcións do centro.

2. A xefatura ou xefaturas a que se refire o punto anterior estarán a cargo de oficiais, de igual ou inferior emprego que o subdirector xefe de Estudos.

3. Os compoñentes da dita xefatura ou xefaturas non ocuparán posto orgánico de profesor. Non obstante, poderán exercer funcións docentes, logo de autorización do xefe da Xefatura de Ensino da Garda Civil.

4. Ademais de asistir o director do centro na dirección do seu goberno interior e do establecido con carácter xeral nos puntos anteriores, corresponden ao xefe ou xefes de administración, servizos e apoio as seguintes funcións:

- a) Efectuar a ordenación do réxime administrativo do centro, de conformidade coa normativa vixente e coas instrucións do director do centro docente.
- b) Dirixir o funcionamento dos servizos para propiciar o cumprimento dos currículos e plans de estudos correspondentes, as necesidades do persoal e a conservación, o mantemento e a seguridade das instalacións.
- c) Formular o inventario do centro e mantelo actualizado.
- d) Determinar as necesidades orzamentarias do centro e propoñer que sexan incluídas nos orzamentos da Garda Civil.
- e) Calquera outra función que lles encomende o director.

Artigo 15. *Das unidades de apoio ao ensino.*

1. Os centros docentes de formación contarán, como unidade de apoio ao ensino, cun gabinete de orientación educativa.

2. Así mesmo, poderán ter outras unidades de apoio ao ensino consonte o que estableza a normativa correspondente.

Artigo 16. *Do Gabinete de Orientación Educativa.*

1. O Gabinete de Orientación Educativa dependerá funcionalmente do subdirector xefe de Estudos e asesorará o director do centro en materia psicopedagóxica.

2. O Gabinete de Orientación Educativa estará formado por titulados universitarios de grao ou máster en Psicopedagogía, Psicoloxía ou Pedagogía, militares ou civís, que, se é posible, serán profesores do centro, e contará coa participación activa de todos os profesores titores.

3. Ao Gabinete de Orientación Educativa corresponderanlle as seguintes funcións:

a) Emitir informes en materia psicopedagóxica sobre os asuntos que se determinen ou que sometan á súa consideración o director ou o subdirector xefe de Estudos do centro docente.

b) Asesorar ou orientar o xefe de Estudos e os profesores do centro docente sobre os procedementos educativos que permitan un ensino máis efectivo para os alumnos en xeral e, en particular, para aqueles que teñan maiores dificultades na súa marcha académica, así como sobre a forma de realización das actividades de orientación e titoría.

c) Asesorar ou orientar os alumnos, colectiva e, na medida do posible, individualmente, sobre as súas opcións educativas e profesionais, así como sobre a adquisición de técnicas apropiadas de estudo e aplicación de métodos de aprendizaxe, sen prexuízo da responsabilidade que para estes efectos ten cada profesor en relación coa súa propia disciplina ou materia de ensino.

4. Cando o Gabinete de Orientación Educativa dun centro docente de formación resulte insuficiente para atender necesidades conxunturais será apoiado, no cumprimento das súas funcións, polos facultativos que designe o Servizo de Psicoloxía da Garda Civil.

5. O Gabinete de Orientación Educativa elaborará un plan de acción tutorial onde se plasmarán os procedementos establecidos para exercer de maneira efectiva a acción tutorial e será o documento de referencia tanto para o persoal do Gabinete de Orientación Educativa como para os profesores titores.

Sección 3.^a Cargos académicos

Artigo 17. *Das clases de cargos académicos.*

1. Nos centros docentes de formación poderán existir os seguintes cargos académicos:

- a) Secretario de Estudos.
- b) Xefe de departamento.
- c) Secretario de departamento.
- d) Xefe de sección departamental.
- e) Secretario de sección departamental.
- f) Profesor titor.
- g) Xefe e outros mandos da unidade encargada de render honras, coa denominación que se estableza nas normas de réxime interior de cada centro.
- h) Xefe da unidade de encadramento dos alumnos, de acordo coa estrutura e organización que se establezan nas normas de réxime interior de cada centro.
- i) Coordinador dunha actividade docente específica, como seminarios e cursos, entre outras.

2. Os cargos académicos serán desempeñados preferentemente por profesores titulares e deberán ser nomeados polo director do centro, salvo aqueles cuxo nomeamento corresponda ao xefe de Estudos, segundo o disposto nesta orde.

3. Non se poderán exercer simultaneamente varios cargos académicos cuxa duración sexa dun curso académico completo, salvo que se prevexan circunstancias de sucesións de mando ou outros motivos xustificadas.

Artigo 18. *Do secretario de Estudos.*

1. Coa categoría de oficial, será nomeado entre os profesores titulares do centro un secretario de Estudos, que asumirá as seguintes funcións:

- a) Asistir o subdirector xefe de Estudos en todas as súas funcións e especialmente na elaboración, recepción e coordinación dos diferentes informes.
- b) Confeccionar os programas de actos de carácter extraordinario que teñan lugar no centro.
- c) Dirixir, supervisar e controlar o traballo do persoal da unidade administrativa do subdirector xefe de Estudos.
- d) Redactar as actas que poidan ser da súa competencia e os documentos da Xefatura de Estudos.
- e) Expedir as certificacións en materia académica que soliciten as autoridades e os interesados, durante o período de tempo en que os alumnos se encontren cursando os seus estudos no centro docente de formación.
- f) Cantas outras misións lle sexan adxudicadas polo subdirector xefe de Estudos.

2. Cando nun mesmo centro docente se impartan distintos tipos de ensinanzas poderá nomearse máis dun secretario de estudos. Cada un deles exercerá as funcións relacionadas co seu ámbito de ensino.

CAPÍTULO II

Dos departamentos e das seccións departamentais

Artigo 19. *Da composición dos departamentos.*

1. Os departamentos, unidades básicas dependentes da Xefatura de Estudos, constituiranse por áreas de coñecemento científico ou técnico e agruparán todos os docentes e, de existiren, os investigadores cuxas materias ou disciplinas estean comprendidas en tales áreas.

2. A denominación dos departamentos responderá á das áreas de coñecemento ou ensinanzas teórico-prácticas que engloben.

3. O Departamento de Instrución e Adestramento agrupará todos os profesores do respectivo centro que teñan ao seu cargo o desenvolvemento dos exercicios dirixidos á adquisición da práctica e das habilidades profesionais e á formación física, militar e policial do alumno, tanto se tales exercicios se realizan no centro docente de formación como se se levan a cabo en calquera outro centro, unidade ou órgano onde poida completarse a formación dos ditos alumnos. Cando así se determine para a consecución dos seus fins, poderanse constituír varios departamentos de instrución e adestramento.

4. Cando un departamento teña a cargo unha ou varias materias que se impartan en dous ou máis centros docentes, e as circunstancias así o aconsellen, poderán establecerse seccións departamentais no seo de cada un deles. Do mesmo modo, poderán establecerse seccións departamentais cando un centro docente de formación conte con distintas seccións, tal e como se dispón no artigo 5.2.

Artigo 20. *Da súa constitución.*

1. Por proposta do xefe de Estudos, corresponde ao director do centro a determinación das áreas de coñecemento que dean lugar á creación ou supresión de distintos departamentos e, se for o caso, seccións departamentais, e fixará os de instrución e adestramento que deban constituírse. A proposta de constitución dos departamentos será elevada polo director do centro ao xefe da Xefatura de Ensino para a súa aprobación.

2. Para tales efectos, observaranse criterios de afinidade científica entre materias ou disciplinas obxecto de coñecemento, de eficacia no desempeño das funcións dos departamentos e de restrición no número destes.

3. O director do centro asignará, por proposta do xefe de Estudos, os profesores a cada departamento ou sección departamental segundo os criterios establecidos no punto anterior.

Artigo 21. Do xefe de departamento ou sección departamental.

1. A xefatura de cada departamento ou sección departamental será exercida polo profesor coa condición de garda civil de maior emprego e antigüidade deste e poderá ser o seguinte máis antigo cando aquel xa veña ocupando un cargo de goberno ou académico.

2. O xefe do departamento e o de cada sección departamental serán nomeados polo director do centro, por proposta do subdirector xefe de Estudos.

3. O xefe de Estudos, por proposta do correspondente xefe de departamento ou sección departamental, poderá designar para cada un deles un secretario. Os secretarios, elixidos entre os profesores dos departamentos ou seccións departamentais, desempeñarán funcións de auxilio académico.

Artigo 22. Das competencias do xefe de departamento ou sección departamental.

1. Corresponde ao xefe de departamento:

a) Convocar, establecer a orde do día e presidir as reunións do departamento ou sección departamental.

b) Coordinar, dirixir e verificar o cumprimento das funcións e tarefas asignadas ao seu departamento e seccións departamentais dependentes.

c) Realizar e trasladar coa antelación suficiente ao subdirector xefe de Estudos a proposta de programación e da parte da memoria que lle corresponda.

d) Elaborar as actas en que se recolla o tratado nas reunións periódicas a que se refire o artigo 27.3. En calquera momento o subdirector xefe de Estudos poderá requirir copia literal ou extracto das ditas actas.

e) Coordinar e organizar as avaliacións e posteriores cualificacións dos alumnos, que se realicen de acordo cos criterios comúns elaborados polo departamento e fixados na súa programación.

f) Velar pola xestión do coñecemento nas respectivas materias incluídas no departamento.

g) Velar pola competencia docente do seu profesorado e pola súa continua actualización.

h) Calquera outra función que lle atribúa o director do centro.

2. Os xefes de cada sección departamental exercerán aquelas competencias das enumeradas no punto anterior que lles sexan asignadas polo correspondente xefe de Estudos, por propia iniciativa ou por proposta do seu xefe de departamento.

Artigo 23. Das competencias do xefe do Departamento de Instrución e Adestramento.

O xefe do Departamento de Instrución e Adestramento, ademais das competencias establecidas no artigo anterior, terá as seguintes:

a) Determinar as necesidades e propoñer a programación das prácticas que se impartan.

b) Coordinar o seguimento do alumnado nas unidades, centros ou órganos onde realice as prácticas do departamento.

c) Manter, a través das canles que se establezan, o debido contacto coas unidades, centros e órganos da Garda Civil e coas institucións colaboradoras nas prácticas dos alumnos.

d) Elaborar e elevar informes preceptivos sobre as actividades a que se refiren os parágrafos anteriores.

e) Calquera outra función que lle atribúa o xefe de Estudos.

Artigo 24. *Das funcións dos departamentos ou seccións departamentais.*

1. Os departamentos terán as seguintes funcións:
 - a) Propoñer, informar e, tras a súa aprobación, executar a programación, por curso, das ensinanzas que a cada un correspondan.
 - b) Impulsar a investigación nas súas respectivas áreas de coñecemento en cooperación, se for o caso, coas unidades e servizos da Garda Civil.
 - c) Promover e realizar traballos de carácter científico ou técnico e desenvolver as ensinanzas que procedan de acordo coa súa respectiva materia ou área de coñecemento.
 - d) Impulsar a investigación educativa, a formación permanente e a renovación pedagóxica, científica e técnica dos seus compoñentes.
 - e) Propoñer e informar a renovación da metodoloxía didáctica.
 - f) Elaborar criterios comúns para a avaliación dos módulos e materias ao seu cargo, de acordo coas normas de avaliación, progreso e permanencia correspondentes.
 - g) Propoñer, informar e, tras a súa aprobación, realizar actividades de apoio académico para o alumnado con materias pendentes.
 - h) Propoñer e, se for o caso, dirixir ou supervisar a realización das actividades extraescolares complementarias propostas polo departamento.
 - i) Calquera outra función derivada da natureza deste órgano ou orientada ao adecuado cumprimento dos seus fins.
2. As seccións departamentais desenvolverán aquelas funcións das anteriores que lles sexan asignadas polo xefe de Estudos correspondente.

Artigo 25. *Das funcións do Departamento de Instrución e Adestramento.*

Ao Departamento de Instrución e Adestramento corresponderanlle, ademais das funcións descritas no artigo anterior que lle resulten aplicables, as seguintes:

- a) Propoñer a programación e realizar o seguimento, a avaliación e o control da formación do alumnado levada a cabo en unidades, centros e órganos da Garda Civil ou en institucións.
- b) Elaborar un informe sobre as experiencias recollidas durante as prácticas que se realicen dentro do departamento.

Artigo 26. *Da adscrición de profesores a outro departamento.*

1. O xefe de Estudos propoñerá ao director do centro a adscrición dos profesores a cada departamento. Da mesma forma, poderá propoñer a adscrición temporal, a un departamento, de profesores pertencentes a outro ou outros departamentos cando a dita adscrición resulte necesaria ou poida favorecer a execución das funcións asignadas a ese departamento. A dita adscrición terá unha duración máxima dun curso académico. Un profesor poderá estar adscrito a máis dun departamento cando, atendendo ao grao de cobertura dos postos orgánicos de profesor do centro, resulte necesario.
2. Como excepción ao disposto no punto anterior, a adscrición a outro departamento dos profesores integrados no de Instrución e Adestramento será compatible coa pertenza ao departamento de orixe e non estará suxeita a limitación temporal.

Artigo 27. *Das regras de funcionamento dos departamentos e seccións departamentais.*

1. Os departamentos remitirán as súas programacións docentes ao correspondente xefe de Estudos do centro.
2. Igualmente, os departamentos remitirán os seus informes e propostas ao director do centro docente, a través da Xefatura de Estudos. As seccións departamentais tramitarán as súas propostas a través do correspondente departamento e emitirán os informes por propia iniciativa ou por solicitude do seu xefe de departamento ou autoridade superior.

3. Cada departamento ou sección departamental realizará as reunións precisas para o cumprimento das súas funcións. Periodicamente, cada departamento avaliará o desenvolvemento da súa programación docente e investigadora e, se for o caso, a das súas seccións departamentais dependentes, e aplicará ou propoñerá a aplicación das medidas correctoras que esa avaliación aconselle.

4. Os departamentos elaborarán anualmente unha memoria das actividades desenvolvidas e dos resultados obtidos, así como dos traballos realizados ou en curso de elaboración, que será incluída na memoria anual do centro docente recollida no artigo 34.

CAPÍTULO III

Réxime interior dos centros docentes

Artigo 28. *Normas de réxime interior dos centros docentes de formación.*

1. Os centros docentes de formación contarán, con independencia do libro de normas de réxime interior do acuartelamento en que se sitúen, cunhas normas de réxime interior específicas para cada centro segundo as súas peculiaridades, que terán como obxectivos os contidos no artigo 42 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.

2. O director xeral da Garda Civil establecerá, nas normas xerais de réxime interior, o procedemento para a elaboración e aprobación das normas de réxime interior específicas para cada centro docente.

Artigo 29. *Contidos das normas de réxime interior dos centros docentes de formación.*

1. As normas de réxime interior dos centros docentes de formación conterán o réxime de vida e o réxime de actividades.

2. Incluirán, polo menos, a estrutura xeral e as normas de funcionamento e vida do centro, o encadramento dos alumnos, o réxime de vacacións, permisos e licenzas, tanto do profesorado como do alumnado, as infraccións de carácter académico, as súas correccións correspondentes e o procedemento para a súa imposición, así como normas específicas sobre a tenza, porte, custodia e manexo das armas por parte dos alumnos.

3. Co obxecto de informar o alumnado das súas funcións, deberes e responsabilidades ao incorporarse ao centro docente, así como favorecer a súa integración nel, ao comezo de cada curso recibirá unha guía de acollida que conterá os aspectos máis importantes das normas de réxime interior. O contido desta guía de acollida establecerase nas normas xerais de réxime interior dos centros docentes.

CAPÍTULO IV

Programación do curso

Artigo 30. *Programas de estudos.*

1. Os programas de estudos de cada curso serán aprobados polo xefe da Xefatura de Ensino, por proposta do director do centro correspondente.

2. A través da Xefatura de Estudos darase publicidade do programa de estudos.

Artigo 31. *Procedemento de elaboración, aprobación e modificación dos programas.*

1. O subdirector xefe de Estudos correspondente determinará a data en que os xefes de departamento deberán elevar a proposta da programación docente de cada un deles a que se fai referencia no artigo 22, así como das seccións departamentais constituídas no seu seo, se for o caso. Unha vez recibida esta proposta, a Xefatura de Estudos elaborará o correspondente programa de estudos e elevarao ao director do centro, quen, tras

comprobar a súa pertinencia, o trasladará ao xefe da Xefatura de Ensino para a súa aprobación.

2. En caso de ser necesaria unha modificación nun determinado programa de estudos, o procedemento que se deberá seguir será igual que o descrito no punto anterior, ben que a iniciativa corresponderá ao subdirector xefe de Estudos ou ao xefe do departamento correspondente.

3. Cando por motivos de urxencia ou especiais circunstancias sexa necesaria unha modificación dun programa de estudos, esta poderá ser aprobada polo director do centro, que dará conta ao xefe da Xefatura de Ensino das decisións adoptadas, así como das circunstancias que motivasen tal decisión. O xefe da Xefatura de Ensino adoptará finalmente a resolución que considere oportuna respecto a tal modificación.

Artigo 32. *Calendario de actividades.*

1. O xefe do Mando de Persoal da Garda Civil aprobará anualmente, para cada centro docente onde imparta estudos universitarios o Centro Universitario da Garda Civil, o calendario de actividades que integren as ensinanzas correspondentes aos títulos que se impartan e á formación militar, de corpo de seguridade e, se for o caso, técnica, e facilitará a coordinación na súa execución.

2. Para o resto dos centros docentes de formación o calendario de actividades será aprobado polo xefe da Xefatura de Ensino.

Artigo 33. *Da programación docente de cada departamento.*

1. A programación docente de cada un dos departamentos deberá ter en conta as directrices e os criterios relativos ás actividades docentes. Así mesmo, terá en conta as experiencias recollidas nas prácticas que, se for o caso, se desenvolvan con obxecto de adecuarse á evolución tecnolóxica e ás necesidades formativas manifestadas polas unidades, centros e órganos da Garda Civil.

2. A dita programación docente incluírase na do centro ou centros en cuxo ámbito se desenvolve o departamento e conterá, necesariamente, os seguintes aspectos:

- a) Obxectivos que se pretenden alcanzar.
- b) Metodoloxía didáctica que se vai empregar.
- c) Distribución temporal dos contidos de cada materia que se imparte e, se for o caso, das prácticas ou dos exercicios que se realizarán.
- d) Procedementos de avaliación e recuperación que se van seguir, con especial referencia ás probas que se realizarán, aos criterios específicos de avaliación, aos mínimos exixibles e aos criterios de cualificación.
- e) Proposta de adaptacións que pretende introducir o profesorado do departamento na súa programación docente, acompañada da xustificación correspondente.

3. A programación docente de cada departamento incluírá, se for o caso, a correspondente ás súas seccións departamentais.

Artigo 34. *Da memoria anual do centro docente.*

1. O director de cada centro docente elaborará e elevará ao xefe da Xefatura de Ensino unha memoria, referida ao curso académico finalizado, das actividades desenvolvidas e dos resultados obtidos, así como dos traballos realizados ou en curso de elaboración de cada departamento e das súas seccións, que debe conter a memoria do profesorado segundo o disposto no artigo 78.

2. O xefe da Xefatura de Ensino trasladará ao xefe do Mando de Persoal os documentos a que se refire o punto anterior. Este propoñerá, ao director xeral da Garda Civil, a resolución que considere máis oportuna sobre os asuntos de que tratan, así como o medio de distribución, difusión ou publicación.

TÍTULO II

Réxime do alumnado dos centros docentes de formación da Garda Civil

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 35. *Condición de alumno.*

1. Son alumnos dos centros docentes de formación os que ingresen neles conforme os procesos de selección establecidos e reciban o correspondente nomeamento.

2. O director do centro docente de formación correspondente realizará o nomeamento a que se refire o punto anterior e terá que publicarse no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

3. Os que sexan nomeados alumnos cos requisitos establecidos no punto anterior adquirirán a condición de militar, se non a adquirisen con anterioridade, e quedarán suxeitos ao réxime de dereitos e deberes de carácter xeral dos membros da Garda Civil, e ás leis penais militares e disciplinarias a eles aplicables, así como a esta orde, sen que exista vinculación por unha relación de servizos de carácter profesional.

Artigo 36. *Alumnos estranxeiros.*

Os alumnos estranxeiros que cursen estudos en centros docentes da Garda Civil, como norma xeral, manterán o réxime disposto para os alumnos españois do mesmo curso, en canto non se opoña ao que indique o estatuto ou acordo que, para cada un deles e para cada curso escolar, se establecese.

Artigo 37. *Empregos eventuais.*

Ao seren nomeados alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil concederáselles, con carácter eventual, e para os únicos efectos académicos, de prácticas e retributivos, os empregos eventuais de alferez, sarxento e garda civil coas denominacións específicas que se establezan nos currículos ou plans de estudos correspondentes.

Artigo 38. *Réxime dos alumnos coa condición de militar adquirida previamente ao ingreso.*

1. Os alumnos que previamente ao ingreso no centro docente tivesen un emprego militar na Garda Civil conservarán os dereitos administrativos inherentes a este, ben que estarán sometidos ao mesmo réxime que o resto dos alumnos. Ao ingresaren nos centros docentes de formación permanecerán ou pasarán á situación de servizo activo, salvo que o ingreso fose por acceso directo, caso en que pasarán á situación administrativa de excedencia por acceso directo como alumnos dos centros de formación.

2. O acceso a unha nova escala supón a baixa na de orixe, coa conseguinte perda do emprego que tivese nela, mantendo, non obstante, os dereitos derivados dos tempos de servizos efectivos que teña cumpridos. A antigüidade no emprego adquirido co acceso á nova escala determinarase tendo en conta a data da resolución pola que se lle confire este último emprego.

CAPÍTULO II

Réxime xeral do alumnado

Artigo 39. *Obxectivos.*

Coa finalidade de alcanzar ou manter unha sólida formación moral, militar e intelectual, un perfecto coñecemento da súa profesión e unha adecuada preparación física que lles

permitan cumprir as misións asignadas pola Constitución e polo resto do ordenamento xurídico ás forzas e corpos de seguridade, o réxime xeral do alumnado terá os seguintes obxectivos:

- a) Facilitar o desenvolvemento dos plans de estudos ou currículos de acordo coas directrices xerais establecidas, se for o caso.
- b) Combinar a adaptación do alumno ás características propias da Garda Civil, derivadas da súa pertenza ás forzas e corpos de seguridade e á súa natureza militar, coa súa adecuada integración na sociedade.
- c) Compatibilizar as exigencias da formación militar, a de corpo de seguridade e a técnica necesaria para o correcto desempeño das funcións asignadas aos membros de cada escala, coas requiridas para a obtención das correspondentes titulacións do Sistema educativo español, ou equivalencias xenéricas de nivel, se for o caso.
- d) Fomentar o libre desenvolvemento da personalidade e a propia iniciativa do alumno.
- e) Integrar as relacións de disciplina militar coas propias do proceso de formación entre profesor e alumno.
- f) Favorecer aquelas actividades do centro que impulsen as relacións externas de carácter educativo, cultural e deportivo, especialmente cos demais centros docentes, e as que contribúan ao coñecemento social dos principios básicos de actuación do corpo da Garda Civil.

Artigo 40. *Réxime de vida.*

1. Os alumnos dos centros docentes de formación permanecerán, con carácter xeral, en réxime de internado.

2. Aos alumnos dos centros docentes de formación poderáselles aplicar o réxime de externado coas condicións e nas circunstancias que estableza o director xeral da Garda Civil nas normas xerais de réxime interior.

3. Corresponde ao xefe da Xefatura de Ensino determinar o réxime de vida que conterá, en todo caso:

a) O réxime diario dos centros docentes de formación tendo en conta os seguintes criterios:

- 1.º A carga máxima de traballo do alumno.
- 2.º O total de horas programadas, de calquera índole escolar ou extraescolar, non excederá as oito horas diarias nin será superior, con carácter xeral, a trinta e cinco horas semanais.
- 3.º O descanso nocturno non poderá ser inferior a oito horas, salvo para a realización de prácticas da materia de Instrución e Adestramento ou para a prestación dos servizos nomeados, e sempre debe responder nestes casos a unha finalidade didáctica e gardarse o correspondente descanso posterior.

- b) A consideración e o carácter das comidas.
- c) A uniformidade de saída e entrada aos centros docentes, así como de cada unha das actividades docentes.
- d) As condicións e os criterios, baseados na progresión nos seus estudos, comportamento, rendemento académico e outras circunstancias persoais polos que os alumnos poidan ausentarse dos centros docentes desde a finalización das actividades diarias e durante os fins de semana, e aquelas que sexan causa para retirar o disfrute do réxime de externado e, se for o caso, a súa recuperación.
- e) Os horarios dos alumnos suxeitos a réxime de externado, que poderán ser variados polo director do centro cando as actividades previstas así o aconsellen.
- f) O procedemento para a solicitude de autorización para pasar a noite dentro do centro polos alumnos acollidos ao réxime de externado.

g) Os lugares onde poderán pasar a noite os alumnos que soliciten o réxime de externado, atendendo ás condicións que establece o Real decreto 274/2018, do 11 de maio, polo que se regula a residencia, desprazamentos e localización do persoal da Garda Civil.

h) A documentación que acredite as circunstancias establecidas para o desfrute do réxime de externado.

i) As condicións e os criterios polos que os alumnos poderán concorrer a probas de avaliación de ensinanzas alleas ao ámbito da Garda Civil.

j) Outras normas particulares de que sexa necesario informar os alumnos.

4. Durante o período de prácticas en unidades que poida establecerse, o xefe da unidade fixará o réxime diario, tomando como referencia o réxime de prestación de servizos, xornada de traballo e horario de servizo da unidade, centro ou organismo en que os alumnos estean completando a súa formación, e deberá favorecer a consecución dos obxectivos fixados polo Departamento de Instrución e Adestramento.

En todo caso, o réxime diario deberá axustarse a canto se dispoña nesta orde, no correspondente plan de estudos ou currículo de formación, así como nas instrucións que se diten no seu desenvolvemento.

Artigo 41. *Horario e réxime de actividades.*

1. O horario dos centros docentes de formación adaptarase ás necesidades de ensino e medidas de funcionamento propias, tendo en conta, moi especialmente, as exigencias derivadas da formación integral do alumno e da instrución e adestramento que debe recibir.

2. O réxime de actividades dos centros docentes, así como as distintas variacións que existan en función da estación do ano ou do carácter festivo da xornada, estará incluído nas normas de réxime interior do propio centro docente.

3. Os alumnos do ensino de formación poderán ausentarse dos centros docentes ao concluíren as súas actividades diarias sen prexuízo do cumprimento das obrigacións académicas que se lles asignen e, se for o caso, regresar ao centro conforme o que se dispoña no réxime interior que rexa o seu funcionamento, sempre que acrediten as condicións, os criterios e as circunstancias a que fai referencia o número 3.d) do artigo anterior.

Artigo 42. *Uniformidade.*

1. De acordo coas disposicións sobre uniformidade, os alumnos dos centros docentes de formación vestirán o uniforme que corresponda coas modificacións e peculiaridades que, de acordo coas actividades e cos costumes dos correspondentes centros, se establezan nas súas respectivas normas de réxime interior. Así mesmo, portarán os distintivos que por méritos lles correspondan.

2. Os alumnos que tiveren condición de militar con anterioridade ao seu ingreso poderán usar as condecoracións e os distintivos a que teñan dereito, pero non as divisas e emblemas do seu emprego e exército ou corpo de procedencia.

3. Os alumnos portarán as divisas e, se for o caso, os distintivos, que acrediten o emprego eventual adquirido, así como a condición de alumnos, fixados na normativa de uniformidade vixente ou nas normas de réxime interior do centro.

4. Cando sexa necesaria a súa identificación, os alumnos usarán a tarxeta de identidade militar ou profesional, ou, na súa falta, a identificación provisional como alumno que poida facilitarlles o centro.

5. O director do centro docente de formación, conforme as súas competencias, determinará cando non será exigible vestir de uniforme.

6. Coa finalidade de velar e fomentar a aceptación, aprecio e imaxe da Garda Civil ante a sociedade, extremarase o cumprimento das normas de uniformidade.

7. Poñerase especial énfase no cumprimento das normas sobre cabelo, barba, bigote, perilla, uñas, accesorios e tatuaxes, así como argolas, perforacións, espigas, insercións e automutilacións que figuren na normativa que regula a uniformidade e policía para a Garda Civil, conforme o establecido no artigo 20.1.a).2.º do Regulamento.

Artigo 43. *Encadramento.*

1. Os alumnos dos centros docentes de formación encadraranse nas unidades que se determinen no réxime interior do correspondente centro docente cos mandos que en cada caso correspondan.

2. Determinados alumnos poderán ser distinguidos polo director do centro docente de formación coa asignación de funcións de especial responsabilidade nas unidades en que estean encadrados. Os ditos alumnos recibirán as denominacións e usarán os distintivos tradicionais que se fixen nas normas de réxime interior do centro.

Artigo 44. *Gardas e servizos.*

1. Os alumnos levarán a cabo as gardas e os servizos que, de acordo coas necesidades de formación na materia de instrución e adestramento, fixe a dirección do centro correspondente.

2. Durante o período de prácticas en unidades e por idénticas razóns, prestarán os servizos que lles sexan ordenados polos xefes de unidades, centro ou órgano onde os alumnos estean completando a súa formación.

3. Co obxecto de que se exerciten no mando, as normas de réxime interior incluírán, se for o caso, as funcións académicas deste carácter que os alumnos poidan realizar a medida que a súa formación o permita.

Artigo 45. *Protección social, retribucións, vestiario, aloxamento e alimentación.*

1. Nas condicións establecidas nas normas correspondentes ás materias de que se trate, os alumnos dos centros de formación:

a) Terán a protección social prevista na lexislación aplicable, incluída a prestación sanitaria e seguro colectivo.

b) Percibirán as retribucións regulamentarias establecidas e as indemnizacións que por razón do servizo lles poidan corresponder.

c) Recibirán o vestiario, equipamento e material docente que se determine.

2. Os gastos derivados de aloxamento en réxime de internado e, se for o caso, os de alimentación, segundo se determine, serán por conta do Estado.

Artigo 46. *Vacacións, permisos e licenzas.*

1. Os alumnos do ensino de formación gozarán dos períodos de vacacións establecidos no programa de estudos do centro docente correspondente. Así mesmo, poderán facer uso dos permisos que por causa de enfermidade ou outros motivos xustificadas se lles concedan.

2. Non obstante, para os efectos de vacacións, permisos e licenzas os alumnos do ensino de formación rexeranse polo establecido nos respectivos plans de estudos ou currículos de formación e polas instrucións particulares que estableza o director xeral da Garda Civil nas normas xerais de réxime interior dos centros docentes.

Artigo 47. *Actividades extraescolares.*

1. Os centros docentes que imparten ensino de formación poderán establecer actividades orientadas a ampliar a oferta académica e cultural dos respectivos currículos ou plans de estudos, entre as que se encontrarán as actividades extraescolares.

2. As actividades extraescolares denomínanse complementarias cando contribúen de maneira efectiva á finalidade dos currículos ou plans de estudos e adicionais cando permiten estender a actividade a campos completamente distintos dos habituais e profundar neles.

3. A programación de actividades complementarias axustarase, con carácter xeral, ao establecido no artigo 40.3.a).2.º, e estas terán carácter obrigatorio cando deban ser realizadas por así establecelo o centro docente ou os alumnos solicitaren a participación nelas.

4. As actividades adicionais terán carácter voluntario ou obrigatorio, segundo dispoñan os directores dos centros docentes, e realizaranse en períodos de tempo distintos aos programados para as actividades escolares.

5. As actividades extraescolares que teñan carácter obrigatorio segundo o disposto nos puntos anteriores incluíranse dentro da carga de traballo do alumno.

6. Os directores dos centros docentes de formación poderán limitar a participación dos alumnos en actividades adicionais en función da súa progresión nos estudos, comportamento, rendemento académico e outras circunstancias persoais, incluída a corrección de infraccións de carácter académico.

CAPÍTULO III

Dereitos e deberes do alumnado

Artigo 48. *Dereitos.*

Os alumnos dos centros docentes de formación son titulares dos dereitos e liberdades establecidos na Constitución; na Lei 29/2014, do 28 de novembro; na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil; na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto do ordenamento xurídico ou que deriven do disposto neste réxime do alumnado, coas excepcións e limitacións, en todo caso, previstas nas ditas normas para os membros da Garda Civil e para os alumnos dos centros docentes de formación.

Artigo 49. *Deberes.*

Os alumnos estarán obrigados polos deberes establecidos na Constitución, na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, no código de conduta da Garda Civil, nos preceptos das reais ordenanzas que lles sexan de aplicación e no resto do ordenamento xurídico, e estarán sometidos ao réxime xeral das forzas e corpos de seguridade, ás leis penais militares e disciplinarias que lles sexan de aplicación, ao disposto neste réxime do alumnado e ás normas de réxime interior do centro docente en que cursen as súas ensinanzas.

Artigo 50. *Dereitos académicos.*

Os alumnos dos centros docentes de formación, en virtude da súa condición de alumnos, terán dereito:

a) A unha formación de calidade, que fomente a adquisición das competencias correspondentes aos estudos que cursen e permita o desenvolvemento das súas capacidades intelectuais, físicas e morais, e asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

b) A asistir ás actividades do seu correspondente currículo, tanto escolares como extraescolares, que organice o centro e ás que se realicen noutros lugares, salvo que se determinase previamente para o alumno a prohibición da súa participación.

- c) A recibir asesoramento e asistencia por parte dos profesores e dos órganos habilitados para a atención ao alumno.
- d) A ser informados deste réxime do alumnado e das normas de réxime interior do centro.
- e) Á avaliación obxectiva do seu rendemento académico, con posibilidade da súa revisión e reclamación.
- f) A utilizar as instalacións e os medios instrumentais proporcionados polo centro conforme as normas que se establezan no seu réxime interior.
- g) A ser informados sobre as normas de avaliación, progreso e permanencia no centro.
- h) Ao recoñecemento da autoría dos traballos realizados e protección da súa propiedade intelectual.
- i) Ao desenvolvemento das actividades coas debidas garantías, recibindo información sobre prevención de riscos e a dispoñer dos medios que garantan a súa saúde e seguridade.
- j) A ser tratados co máximo respecto por parte dos mandos, profesores e resto do persoal docente e compañeiros.
- k) A calquera outro que derive deste réxime do alumnado e demais disposicións vixentes.

Artigo 51. *Deberes académicos.*

Son deberes académicos dos alumnos dos centros docentes de formación, inherentes á súa condición:

- a) Seguir as actividades docentes con dilixencia e aproveitamento e aplicarse, de igual modo, ás tarefas de investigación que lles correspondan.
- b) Dedicarse á súa propia formación e realizar o traballo intelectual e físico que se espera deles.
- c) Atender as orientacións dos profesores e titores respecto da súa aprendizaxe. Participar activamente nas clases teóricas e prácticas, na instrución e no adestramento e nas demais actividades orientadas á súa formación, e facelo da forma máis adecuada e consonte as instrucións recibidas.
- d) Cooperar na formación dos seus compañeiros, mesmo mediante o emprego, se for o caso, do ascendente derivado da súa antigüidade ou experiencia.
- e) Coidar e usar debidamente os bens, equipamentos, instalacións ou recinto do centro e das unidades, centros e órganos que colaboren na formación.
- f) Absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou nos documentos oficiais do centro.
- g) Cooperar cos responsables, profesores e demais persoal do centro no logro da maior calidade e eficacia do ensino.
- h) Participar de forma activa e responsable nas reunións dos órganos para os que fose elixido.
- i) Observar o máximo respecto cara aos mandos, profesores, compañeiros e cidadáns.
- j) Calquera outro que, en relación coa súa condición de alumno, derive deste réxime do alumnado, así como das normas de réxime interior de cada centro.

CAPÍTULO IV

Das infraccións de carácter académico

Artigo 52. *Infraccións de carácter académico.*

1. Constitúe infracción de carácter académico calquera acto ou comportamento contrario aos deberes académicos sinalados nesta orde ou ás normas de réxime interior

do centro realizado polos alumnos durante o seu período de formación, sempre que non sexa constitutivo de delito ou de falta disciplinaria nin sexa, en concreto, obxecto dunha avaliación ou cualificación.

2. Nas normas de réxime interior de cada centro docente de formación especificaranse, contextualizándoas, as seguintes infraccións de carácter académico:

- a) Incumprir, durante o período de formación, os deberes académicos recollidos no artigo 51 ou as normas de réxime interior do centro.
- b) Realizar actuacións relacionadas coa fraude en exames, controis ou outras actividades docentes.
- c) Adulterar calquera documento de asistencias, correccións de probas ou traballos de investigación.
- d) Realizar actos ou manifestacións de desconsideración leves cara ao profesorado ou ao resto de persoal do centro, así como a outros alumnos, nos lugares en que se cumpra o labor académico.
- e) Alterar de forma leve a orde nas aulas, laboratorios e outras áreas destinadas ao ensino, ao estudo, á investigación ou á instrución.
- f) Replicar de forma inxustificada e descortés.
- g) Incurrir en demora no exacto cumprimento das correccións académicas impostas.

3. O réxime de infraccións e correccións académicas de cada centro será obxecto de ensino prioritario ao comezo do curso.

Artigo 53. *Correccións das infraccións de carácter académico.*

1. En ningún caso as infraccións de carácter académico darán lugar á imposición dalgunha das sancións previstas no réxime disciplinario.

2. As correccións que haxa que aplicar pola comisión dunha infracción de carácter académico deberán ter un carácter educativo e formador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros do centro docente.

3. As infraccións de carácter académico corríxiranse motivadamente, segundo a súa gravidade e circunstancias, con amoestacións verbais ou escritas. As amoestacións verbais poderán ser públicas ou privadas. As escritas, acompañadas da súa motivación, serán sempre privadas e poderán ser obxecto de reclamacións.

4. Nos réximes interiores dos centros docentes de formación preveranse as seguintes accións correctoras:

- a) Realización de traballos académicos en horario non lectivo en relación coa infracción cometida.
- b) Reforzo de actividades de instrución e adestramento ou educación física, en horario non lectivo.
- c) Estudo obrigatorio ou controlado.
- d) Limitación para a participación nas actividades extraescolares adicionais do centro.
- e) Privación de condicións especiais que fosen autorizadas en relación co réxime de vida, distintivos ou recoñecementos propios dos alumnos do centro docente.

5. As normas de réxime interior conterán o modo de elección e execución da acción correctora dependendo do tipo de amoestación e do contexto en que se produza a infracción académica.

Artigo 54. *Competencia e procedemento para efectuar correccións ás infraccións de carácter académico.*

1. Con respecto aos alumnos do ensino de formación, son competentes para efectuar correccións os respectivos directores, subdirectores xefes de estudos, xefes de

departamento dos centros docentes e, en relación con quen sexa o seu alumno, os profesores de tales centros e quen teña ao seu cargo a función de completar a formación dos ditos alumnos en unidades, centros ou órganos da Garda Civil.

2. Advertida por algún dos anteriores a comisión dunha infracción académica, procederá de inmediato á súa corrección por calquera dos medios á súa disposición outorgados por esta norma.

3. Quen teña competencia, atendendo á gravidade da conduta e ás circunstancias do caso, poderá reprender o alumno no mesmo momento mediante unha amoestación verbal. Neste caso absterase de corrixir faltas ou defectos cando esta fose observada por un superior con competencia para efectuar a corrección. Do mesmo modo, tampouco corrixirá nin chamará a atención ao alumno en presenza de terceiros, excepto nos casos en que a infracción académica se cometese ante estes ou que, de non facelo, se poida orixinar un prexuízo para a disciplina.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, cando, atendidas a natureza da infracción e as circunstancias en que tivese lugar, sexa viable efectuar a corrección de maneira privada, realizárase deste xeito con carácter inmediato ou ben con posterioridade sempre que non implique desvinculación co comportamento infractor, segundo o caso.

5. Calquera medida correctora de carácter académico que sexa adoptada notificarase ao subdirector xefe de Estudos ou ao designado como responsable dos alumnos durante os seus períodos de prácticas en unidades.

6. O profesorado civil dos centros docentes, sen prexuízo da súa facultade de corrixir as infraccións académicas que observe nos seus alumnos, notificará ao subdirector xefe de Estudos, pola canle establecida, toda conduta impropia que observe en calquera dos alumnos do centro.

Artigo 55. *Competencia para dirixir amoestacións escritas e casos en que proceden.*

1. A competencia para dirixir amoestacións escritas aos alumnos queda reservada aos respectivos directores e subdirectores xefes de Estudos dos centros docentes.

2. As amoestacións escritas reservaranse para casos de gravidade ou contumacia nas infraccións académicas, que o director ou subdirector xefe de Estudos coñezan por si ou a través de comunicación formal que lles faga quen teña competencia para efectuar calquera outra corrección.

3. Poderán imponse amoestacións escritas pola comisión reiterada de infraccións académicas corrixidas con amoestacións verbais sempre e cando estas tivesen lugar no mesmo curso académico. Os supostos e as circunstancias para esta acumulación, cando sexa establecida polo director do centro, deberán figurar nas normas de réxime interior.

Artigo 56. *Efectos e constancia das correccións por infraccións de carácter académico.*

1. As amoestacións verbais esgotarán os seus efectos na reconvención en que consistan, salvo polo que concirne a poder fundamentar amoestacións escritas durante o mesmo curso académico en que se producisen as anteriores, para o cal se dará traslado ao subdirector xefe de Estudos correspondente da amoestación verbal realizada. De igual modo, notificarase ao alumno a anotación da amoestación verbal no seu expediente.

2. As amoestacións escritas, en cambio, tomaranse en conta á hora de realizar os informes persoais dos alumnos establecidos nas normas de avaliación, coa condición de que os ditos informes estean referidos ao mesmo curso académico en que se produciron as amoestacións escritas.

3. Cada centro poñerá á disposición de profesores e alumnos impresos normalizados en que o profesor consignará sucintamente a infracción apreciada e a corrección imposta e o corrixido a súa conformidade ou desconformidade e a súa sinatura, en proba de quedar informado.

4. Os ditos documentos conservaranse, xunto coa documentación do alumno, para os simples efectos de constancia e elimináranse ao finalizar o plan de estudos ou currículo correspondente.

Artigo 57. *Reclamación fronte a amoestacións escritas.*

Os alumnos obxecto de amoestación escrita dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa notificación, para presentaren ante o superior xerárquico daquel que impuxo a corrección, ou en caso de que fose o director do centro correspondente, remitiren ao xefe da Xefatura de Ensino, escrito de descargo en relación cos feitos e coas circunstancias que a motivaron. Ao escrito de descargo unirase copia daquel mediante o cal se formulase a amoestación escrita de que se trata.

CAPÍTULO V

Réxime disciplinario

Artigo 58. *Lexislación aplicable.*

De acordo co artigo 42.3 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, os alumnos do ensino de formación estarán suxeitos ao réxime disciplinario do corpo e rexeranse polas normas contidas no artigo 18 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, de réxime disciplinario da Garda Civil.

Artigo 59. *Da competencia disciplinaria.*

1. Serán competentes para impoñer sancións disciplinarias sobre os alumnos que non teñan adquirida a condición de garda civil as autoridades e os mandos que se prevén no artigo 31 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro.

2. Para os alumnos que xa adquirisen a condición de garda civil, serán competentes para impoñer sancións disciplinarias as autoridades e os mandos que se prevén nos artigos 28 a 30 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, para os gardas civís que se encontren en calquera das situacións administrativas en que se manteñan os dereitos e as obrigacións inherentes á condición de garda civil.

CAPÍTULO VI

Avaliación e cualificacións

Artigo 60. *Disposicións xerais.*

Para dar cumprimento a canto se dispón no artigo 49 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, nas correspondentes normas de avaliación, progreso e permanencia no centro docente de formación para a incorporación ás distintas escalas e as súas normas de desenvolvemento determinarase o proceso de avaliación do alumnado, as especificacións dos plans de estudos en materia de avaliación, os criterios para a superación e repetición de disciplinas ou materias de ensino, as condicións particulares das probas extraordinarias, así como os sistemas, baseados en criterios obxectivos, para integrar nunha única clasificación final os que, de diversas procedencias, se incorporen a unha escala no primeiro emprego.

Artigo 61. *Información aos alumnos en relación coa avaliación.*

Co obxecto de propiciar a adecuada aplicación do sistema de avaliación, darase a coñecer ao alumnado:

a) Ao comezo do curso académico: a organización do centro, a programación e o horario das actividades ordinarias e, na medida do posible, das extraordinarias e os programas de estudos de desenvolvemento dos plans de estudo ou currículo de cada curso.

b) Ao iniciar cada unha das materias: o programa da materia, con suficiente desenvolvemento temático e indicación da adecuada bibliografía, os procedementos de

avaliación, os criterios xerais a que se axustarán as probas e o calendario previsto para realizalas.

c) Coa antelación suficiente: os criterios de realización e de corrección de cada unha das referidas probas e as datas en que vaian efectuarse.

d) Con anterioridade a incorporar as cualificacións ás actas oficiais: as cualificacións que obtivesen, indicando os prazos para a presentación e resolución de posibles reclamacións.

e) Con posterioridade a incorporar as cualificacións ás actas oficiais: as cualificacións notificaranse aos alumnos de acordo co procedemento que se estableza nas normas de réxime interior do centro, que deberá estar acorde coa normativa que regula a protección de datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 62. *Revisión de cualificacións.*

Todo alumno poderá solicitar revisión de exames ou cualificacións, atendendo ás normas de avaliación, progreso e permanencia que sexan de aplicación e ás normas de réxime interior do centro.

CAPÍTULO VII

Perda da condición de alumno do ensino de formación

Artigo 63. *Causas.*

1. Os alumnos dos centros docentes de formación perderán a súa condición de tales ao causaren baixa nos ditos centros.

2. A baixa dos alumnos nos centros docentes de formación poderase producir por algún dos motivos previstos no artigo 48.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

3. No caso dos alumnos que cursen estudos no Centro Universitario da Garda Civil, a baixa como alumno no centro docente de formación correspondente comportará a baixa no Centro Universitario da Garda Civil. E, pola súa vez, a baixa no Centro Universitario da Garda Civil comportará a baixa como alumno do correspondente centro docente de formación.

Artigo 64. *Baixa por petición propia.*

1. Os alumnos que soliciten causar baixa nun centro docente de formación farano mediante instancia dirixida, a través do director do centro, pola canle establecida para iso, ao director xeral da Garda Civil.

2. A concesión da baixa por petición propia estará sempre supeditada á non existencia de expediente disciplinario ou de resarcimento ao Estado, tendo en conta o disposto no artigo 48.1.a) da Lei 29/2014, do 28 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento, e non se concederá mentres non produciñen efecto as eventuais consecuencias dos ditos expedientes.

Artigo 65. *Baixa por insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. Os alumnos dos centros docentes de formación someteranse aos recoñecementos médicos e ás probas psicolóxicas e físicas destinados á comprobación das condicións psicofísicas que deben manter durante o seu período de formación, conforme o disposto na normativa sobre a determinación da aptitude psicofísica do persoal da Garda Civil.

2. As condicións psicofísicas que deben manter os alumnos durante o seu período de formación serán as que se establezan para os alumnos do ensino de formación nos correspondentes cadros de condicións psicofísicas ou, na súa falta, as exixidas para o seu ingreso no respectivo centro docente e as que, se for o caso, determine o correspondente plan de estudos ou currículo de formación na súa progresión.

3. Os alumnos dos centros docentes de formación que, durante a súa permanencia neles, perdan as condicións psicofísicas a que se refire o punto anterior e non poidan continuar os seus estudos conforme o establecido no artigo 48.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, serán propostos polo director do centro para causar baixa neste. Aqueles alumnos en que a citada baixa por perda das condicións psicofísicas sexa permanente non poderán volver concorrer a un proceso selectivo e os centros de formación deberán comunicalo, pola canle establecida, aos órganos de selección correspondentes.

4. O procedemento para a resolución do expediente de baixa por insuficiencia de condicións psicofísicas ou non superación daquelas que deban ser mantidas segundo o correspondente currículo ou plan de estudos será o establecido na normativa sobre a determinación da aptitude psicofísica do persoal da Garda Civil.

Artigo 66. Baixa por non superación das probas previstas nos plans de estudos.

1. Os alumnos dos centros docentes de formación que non superen os currículos ou plans de estudos nas convocatorias, prazos e demais condicións exixidas nas normas de avaliación, progreso e permanencia que lles sexan de aplicación, incluído o axuste de prazos, serán propostos polo director do centro para causar baixa neste.

2. O procedemento para a resolución do expediente de baixa será o previsto no artigo 70.1 e, se for o caso, nas correspondentes normas de avaliación, progreso e permanencia.

Artigo 67. Baixa por carencia das calidades profesionais en relación cos principios, valores e código de conduta do garda civil.

1. Os alumnos que no transcurso da súa permanencia nos centros docentes demostren unha carencia das calidades a que se refire o artigo 48.1.d) da Lei 29/2014, do 28 de novembro, serán sometidos a un expediente de proposta de baixa.

2. O procedemento para a resolución do expediente de baixa será o que se prevé no artigo 70.1. No dito expediente deberán facerse constar os comportamentos detectados no alumno que poñan de manifesto a carencia das citadas calidades, así como as actuacións penais, disciplinarias ou académicas que de tales comportamentos puideren derivar e calquera outro dato e circunstancia que xustifique a baixa do alumno por esta causa concreta.

Artigo 68. Baixa por incumprimento das condicións para o ingreso.

1. Cando se comprobe que algún alumno carece ou perdeu algún dos requisitos exixidos para o ingreso no correspondente centro docente, abríraselle expediente de proposta de baixa conforme se establece no artigo 70.1.

2. No caso de que a perda das aptitudes psicofísicas tivese lugar con posterioridade ao ingreso do alumno no centro docente de formación, observarase o disposto no artigo 65.

Artigo 69. Baixa por imposición de sanción disciplinaria ou sentenza condenatoria por delito doloso.

1. Os alumnos dos centros docentes de formación poderán causar baixa por imposición dunha sanción disciplinaria por falta grave ou moi grave, de acordo co disposto na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, ou cando sobre eles se dite unha sentenza condenatoria por un delito doloso, tendo en consideración neste último caso o tipo de delito e a pena imposta.

2. En ambos os casos será preceptiva a tramitación do expediente administrativo descrito no número 2 do artigo seguinte.

Artigo 70. *Procedemento para a resolución de baixa de alumnos de formación.*

1. O procedemento para resolver a baixa dos alumnos nos centros docentes de formación polas causas contidas nos artigos 66, 67 e 68.1 será o seguinte:

a) Os directores dos ditos centros remitirán ao xefe da Xefatura de Ensino a proposta inicial de baixa, acompañada dos documentos xustificativos pertinentes, entre os que figurará con carácter obrigatorio o trámite de audiencia ao interesado.

b) O xefe da Xefatura de Ensino elevará unha proposta ao director xeral da Garda Civil, que ditará a resolución definitiva que, se for o caso, se publicará no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

c) A perda da condición de alumno será definitiva a partir da data da publicación a que se refire o parágrafo anterior.

2. O procedemento para resolver a baixa dos alumnos nos centros docentes de formación polas causas contidas no artigo 69 será o seguinte:

a) Os directores dos ditos centros remitirán ao xefe da Xefatura de Ensino a proposta inicial de baixa, acompañada dos documentos xustificativos pertinentes, entre os que figurará con carácter obrigatorio o trámite de audiencia ao interesado.

b) O xefe da Xefatura de Ensino considerará a procedencia de tramitar a baixa e, se for o caso, dará traslado, a través do xefe do Mando de Persoal, do expediente ao director xeral da Garda Civil, e incluírá nel, ademais, as consideracións ou observacións que xulgue oportunas, especialmente as relativas á resolución que deba adoptarse.

c) O director xeral da Garda Civil presentará proposta ao subsecretario de Defensa xunto co seu informe, quen ditará a resolución definitiva que, se for o caso, se publicará no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

d) A perda da condición de alumno será definitiva a partir da data da publicación a que se refire o parágrafo anterior.

3. O trámite de audiencia aludido nos puntos anteriores materializarase na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e incluírá todos aqueles datos que poidan motivar a proposta de baixa, coa finalidade de que o alumno, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes. Tras este trámite, o director do centro formulará a proposta inicial de baixa se considera que existe causa para iso.

4. O alumno poderá interpoñer os recursos correspondentes na forma prevista pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 71. *Situación dos alumnos que causan baixa.*

A situación de quen cause baixa como alumno nos centros docentes de formación será a seguinte:

a) Ao causaren baixa, os alumnos perderán a súa condición de militar e o emprego militar que puidesen ter logrado con carácter eventual salvo que antes de ser nomeados alumnos tivesen adquirida a condición de militar, caso en que se reincorporarán á escala de orixe co emprego previamente adquirido ao ingresaren no centro.

b) Terán dereito ás prestacións previstas no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo coa lexislación que lles resulte de aplicación.

Artigo 72. *Suspensión da condición de alumno.*

1. O inicio dalgún dos expedientes polas causas mencionadas no artigo 48.1.b) e e) da Lei 29/2014, do 28 de novembro, deixará en suspenso a condición de alumno ata a súa resolución e, en consecuencia, o emprego que con carácter eventual se concedese, así como os efectos económicos que del derivan.

2. O paso á situación de suspensión da condición de alumno será acordada polo xefe da Xefatura de Ensino da Garda Civil e dará conta dos motivos e das circunstancias da decisión adoptada ao xefe do Mando de Persoal.

3. Unha vez que finalicen os expedientes expresados no número 1, o xefe da Xefatura de Ensino, segundo proceda, determinará:

- a) O restablecemento da condición de alumno.
- b) A instrución do procedemento para a baixa como alumno e elevará, se for o caso, proposta de resolución ao director xeral da Garda Civil.

4. Durante a situación de suspensión da condición deixará de participar nas actividades docentes e de avaliación programadas e non prestará as gardas ou servizos que lle poidan corresponder.

5. De igual modo, cando o alumno non teña adquirida a condición de garda civil, unha vez que se determine a súa suspensión da condición de alumno, deixará de estar acollido ao réxime xeral de dereitos e deberes e ao réxime disciplinario da Garda Civil, así como a este réxime do alumnado.

Se o alumno xa tivese adquirida a condición de garda civil con anterioridade ao seu ingreso no centro docente de formación, durante o tempo en que teña a súa condición de alumno en suspenso reincorporarase á súa unidade, e volverá, se for o caso, á situación administrativa que tivese previamente ao seu ingreso. No caso de que o ingreso no centro docente comportase o cesamento no destino ou non o tivese no momento de ingresar, pasará á situación administrativa de servizo activo, pendente de asignación de destino de acordo coa normativa que regula os destinos na Garda Civil.

6. Co obxecto de ser restablecida a súa condición de alumno, deberá cumprir os requisitos que lle fosen exixidos para o ingreso no centro docente de formación. O xefe da Xefatura de Ensino poderá ordenar a realización daquelas probas que sexan necesarias para comprobar que o alumno reúne os citados requisitos con anterioridade ao restablecemento. En caso de non cumprir con estes requisitos, iníciase o procedemento de baixa descrito no artigo 70.

No caso de ser restablecida a súa condición de alumno, e tras a finalización do seu plan de estudos ou currículo de formación, deberase reincorporar o alumno ao posto no escalafón que lle correspondese de non mediar a suspensión, de acordo coa normativa de avaliacións e ascensos da Garda Civil.

7. A situación de suspensión da condición de alumno manterase ata que o xefe da Xefatura de Ensino o determine e nunca máis alá de que adquiran firmeza aqueles actos que desen lugar á suspensión.

8. O tempo que permanecese nesta situación non será contabilizado dentro dos prazos máximos establecidos para a superación do correspondente currículo ou plan de estudos.

Artigo 73. *Situación dos alumnos que ingresen noutro centro docente.*

Os alumnos dos centros docentes de formación que ingresen noutro centro do mesmo tipo de ensino causarán baixa no de orixe. Para iso, e coa finalidade de axilizar os trámites correspondentes, seguirase un procedemento abreviado que consistirá en:

- a) Iniciar un expediente, de oficio, co nomeamento de alumno no novo centro docente de formación no boletín oficial do corpo, que incluíra o citado nomeamento e o trámite de audiencia en que o interesado ratifique a súa vontade de ingreso no novo centro.
- b) A proposta farase chegar ao xefe da Xefatura de Ensino, que a elevará ao director xeral da Garda Civil para a súa resolución definitiva.
- c) A resolución publicarase no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

TÍTULO III

Requisitos xerais e condicións do exercicio do profesorado dos centros docentes da Garda Civil

CAPÍTULO I

Normas xerais*Artigo 74. Da consideración de profesor.*

1. Conforme o establecido no artigo 51 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, poderán ser profesores os integrantes de calquera escala, de acordo cos requisitos e coa titulación requiridos para cada departamento ou sección departamental específica.

2. Considerarase profesor quen, logo de recoñecemento da súa competencia e por nomeamento ou designación mediante convenio conforme a lexislación vixente, exerza funcións docentes ou de investigación nos centros docentes ou no Centro Universitario da Garda Civil.

3. Para o exercicio da docencia en ensinanzas que conduzan á obtención de títulos oficiais do sistema educativo español exixiranse os requisitos de titulación establecidos na correspondente normativa de aplicación.

Artigo 75. Das clases de profesorado.

1. Os profesores terán a cualificación de ordinarios ou extraordinarios.
2. Os profesores ordinarios compoñerán maioritariamente os cadros de profesores.

Poderán ser:

- a) Profesores titulares.
- b) Profesores de número.

3. Os ditos cadros completaranse con profesores extraordinarios, que o serán a título de:

- a) Profesor emérito.
- b) Profesor honorífico.
- c) Profesor visitante.
- d) Profesor asociado.
- e) Profesor colaborador.

4. O nomeamento dos profesores de número, visitantes e asociados realizarase segundo as fórmulas contidas no anexo.

5. Tamén poderán exercer a función docente os conferenciantes, de acordo co disposto no artigo 80.

Artigo 76. Do recoñecemento da competencia.

A competencia para o desempeño das funcións de profesor nun centro docente virá determinada polo cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Unha titulación, polo menos, do mesmo nivel a que vai dirixido o ensino, así como a requirida para impartir as ensinanzas correspondentes, se for o caso.

b) A preparación requirida para exercer a función docente e impartir o módulo, materia ou disciplina obxecto da súa docencia, contrastada mediante o desempeño de funcións en postos de traballo relacionados coas ensinanzas que se van impartir e, se for o caso, mediante a vixencia das titulacións que se posúan.

c) A experiencia profesional adquirida na súa traxectoria profesional, que sexa de aplicación ás ensinanzas que se van impartir. No ensino de formación esta experiencia

será acreditada, polo menos, co requisito de ter cumpridos dous anos de servizos efectivos na escala correspondente da Garda Civil para impartir o ensino que dea acceso á dita escala.

- d) A aptitude pedagóxica, de acordo co disposto no artigo seguinte.

Artigo 77. Da aptitude pedagóxica.

1. Para exercer funcións docentes, os profesores ordinarios deberán estar en posesión ou en disposición de obter o certificado de aptitude pedagóxica establecido polo Ministerio de Defensa ou cumprir coas condicións establecidas na normativa de educación para o acceso aos corpos de profesores de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e formación profesional, ou para o profesorado universitario, segundo o tipo de ensino que se vai impartir.

2. O profesorado procedente de convenios con centros do sistema educativo español deberá cumprir os requisitos que se establezan neles.

3. Sen prexuízo do disposto nos dous puntos anteriores, poderá exixirse a superación dunha formación complementaria que adecúe aquela formación acreditada para o exercicio das funcións docentes ao seu exercicio nos centros docentes ou no Centro Universitario da Garda Civil.

Artigo 78. Da memoria anual sobre o profesorado.

1. Ao final de cada curso académico e, polo menos, un mes antes do comezo do seguinte curso, o director de cada centro docente elaborará unha memoria anual relativa ao profesorado e referida ao curso académico que acaba de finalizar. Esta memoria incluírase na memoria anual do centro docente, segundo se determina no artigo 34.

2. Esta memoria anual irá acompañada dos seguintes documentos:

- a) Informe sobre a actividade docente de cada un dos profesores do centro.
b) Exposición de necesidades de profesorado para o curso que dá comezo, con indicación de:

1.º Número e clase de profesores con que debería contar o centro para o dito curso e, se é posible, para os cursos inmediatos.

2.º Previsión da súa condición de militar ou civil, en función das necesidades e experiencias previas.

3.º No caso do profesorado civil, proposta de contratación ou de establecemento de convenios relativos a profesorado, con universidades ou outros centros públicos docentes.

- c) Se for o caso, proposta de profesorado emérito.

3. Canto se dispón neste artigo serao sen prexuízo de que o director do centro docente curse as propostas ou os informes sobre as necesidades académicas que en cada momento sexan oportunas.

Artigo 79. Dos instrutores, monitores e auxiliares.

1. Como persoal de apoio e asesoramento ao profesorado no exercicio das súas funcións, e baixo a dirección do profesor titular da materia, se for o caso, poderán existir as figuras de instrutor ou monitor.

Poderán ser instrutores ou monitores os membros da Garda Civil, destinados ou en comisión de servizo, nun posto orgánico dun centro docente como tal, con experiencia profesional nunha determinada materia ou competencia. A súa competencia didáctica, en caso de ser factible, adquirirase dentro da estrutura da Garda Civil ou das Forzas Armadas.

2. Os instrutores ou monitores poderán desempeñar, segundo a súa competencia, as funcións que se relacionan a seguir, ou análogas:

a) Apoio no desenvolvemento das actividades docentes, de acordo coas instrucións impartidas polo profesor correspondente ou polo xefe de departamento en que o instrutor ou monitor exerza as súas funcións.

b) Preparación das aulas, instalacións e material que se van empregar na actividade correspondente.

c) Control das actividades docentes, asegurando o correcto uso do material e velando pola seguridade no seu desenvolvemento.

d) Demostración do manexo de diversos materiais e, en xeral, técnicas e procedementos en relación coa actividade correspondente.

e) Asesoramento ao profesorado nas materias para as cales se encontre capacitado.

f) Outras actividades de apoio ao profesorado que poidan derivar da aplicación desta orde.

3. Así mesmo, os centros docentes poderán contar, como auxilio ao profesorado na aprendizaxe do alumno e baixo a dirección do profesor titular da materia, con persoal, militar ou civil, con experiencia profesional nunha determinada materia e cuxa denominación será a de auxiliar. O dito persoal será nomeado como tal polo director do centro docente.

Os auxiliares, segundo a súa experiencia profesional, poderán realizar as funcións que se relacionan no punto anterior, ou análogas, con excepción das incluídas nas alíneas a), d) e e).

4. As limitacións contidas no artigo 3 para o profesorado serán igualmente de aplicación para o persoal incluído neste artigo.

Artigo 80. *Dos conferenciantes.*

1. Poderase contar con expertos relacionados coas materias, disciplinas ou módulos formativos ou profesionais que se impartan nas distintas ensinanzas, sempre que a duración continuada da colaboración non exceda, para cada materia, curso e alumnos a que se dirixa, tres xornadas docentes.

Cando a colaboración exixa unha duración superior á indicada no parágrafo anterior, será necesario o nomeamento previo de profesor asociado.

2. Os conferenciantes serán solicitados polo director do centro docente ao xefe da Xefatura de Ensino.

CAPÍTULO II

Do profesorado

Artigo 81. *Dos profesores titulares.*

1. Son profesores titulares adscritos a un departamento ou sección departamental, se for o caso, os membros da Garda Civil ou das Forzas Armadas, preferentemente en situación de activo, que compoñen os cadros permanentes de profesorado dos centros docentes da Garda Civil, así como aqueles profesores civís que, mediante convenio suscrito de acordo co disposto na lexislación vixente, e coa debida titulación e experiencia contrastada, se vinculen con carácter temporal a un centro docente da Garda Civil para exercer a docencia e a investigación en réxime de dedicación a tempo completo.

O ensino de formación será impartido basicamente por profesores titulares destinados nos ditos centros.

2. Tamén terán consideración de profesores titulares o director e quen desempeñe cargos de goberno ou académicos nun centro docente.

Artigo 82. *Dos profesores de número.*

1. Serán profesores de número, adscritos a un departamento ou sección departamental, se for o caso, os membros da Garda Civil ou das Forzas Armadas que,

estando destinados noutras unidades, centros ou órganos, exerzan a docencia nos centros docentes da Garda Civil en réxime de compatibilidade co seu destino principal. Cando condicionantes xeográficos ou doutra orde impidan o desenvolvemento simultáneo de ambas as actividades, a compatibilidade entenderase como a capacidade de exercer temporalmente a docencia, en réxime de dedicación a tempo completo, sen perda do destino principal.

2. Poderán formar parte do profesorado, como profesores de número adscritos a un departamento ou sección departamental, os funcionarios civís que exerzan a docencia en virtude do establecido na lexislación vixente, en réxime de dedicación a tempo parcial. Estes profesores están exentos de realizar tarefas investigadoras no centro docente en que exerzan a docencia, sen prexuízo da súa facultade para levalas a cabo na medida das posibilidades do centro.

3. O nomeamento dos profesores de número será efectuado polo director xeral da Garda Civil e o seu cesamento realizarase polas causas contidas no artigo 92 ou cando finalice o tempo de permanencia indicado no artigo 89.2, se for o caso.

Para o nomeamento de persoal das Forzas Armadas será necesaria a autorización previa do xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, do xefe de Persoal da Armada e do xefe do Mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar para o resto.

Artigo 83. *Dos profesores eméritos.*

1. Serán profesores eméritos, adscritos a un departamento ou sección departamental, se for o caso, os membros da Garda Civil ou das Forzas Armadas en situación de reserva que prestasen servizos destacados no sistema de ensino da Garda Civil e se vinculen a un centro docente da Garda Civil para exercer a docencia e a investigación na específica materia ou grupo delas en que exerceron actividade docente durante, polo menos, dous anos.

2. Os profesores eméritos serán nomeados e destinados ao correspondente centro docente polo director xeral da Garda Civil, por proposta do xefe do Mando de Persoal.

3. A condición de profesor emérito será vitalicia para os efectos honoríficos.

Artigo 84. *Dos profesores honoríficos.*

1. Excepcionalmente, por proposta do xefe da Xefatura de Ensino e coa conformidade previa do xefe do Mando de Persoal, o director xeral da Garda Civil poderá nomear profesores honoríficos persoas, civís ou militares, de recoñecido prestixio cultural ou científico nos ámbitos nacional ou internacional para colaborar na práctica docente ou na investigación.

2. A condición de profesores honoríficos non comportará ningún tipo de relación contractual ou laboral.

3. O director xeral da Garda Civil poderá dispoñer, co informe favorable do xefe do Mando de Persoal e logo de audiencia ao interesado no seo do correspondente expediente instruído para o efecto, o cesamento como profesor honorífico cando desaparecesen as causas que deron lugar ao seu nomeamento.

Artigo 85. *Dos profesores visitantes.*

1. Serán profesores visitantes, adscritos a un departamento ou sección departamental os que, exercendo funcións de docencia ou investigación nalgún centro docente, militar ou civil, español ou estranxeiro, se vinculen temporalmente a un centro docente da Garda Civil, de similar nivel, para exerceren aquelas funcións nunha específica materia de ensino ou grupo delas.

2. Corresponde ao Mando de Persoal o nomeamento dos profesores visitantes militares.

Para o nomeamento dos profesores visitantes membros das Forzas Armadas será necesaria a autorización previa do director de Ensino do seu respectivo exército para os centros docentes militares e do subdirector xeral de Ensino Militar para o resto de centros docentes militares.

Os profesores visitantes que sexan funcionarios civís serán nomeados, dentro do correspondente marco ou convenio que, se for o caso, se estableza.

3. Os membros da Garda Civil que exerzan funcións docentes no ensino de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais poderán ser designados profesores visitantes para desenvolver materias correspondentes aos plans de estudos ou currículos do ensino de formación.

Artigo 86. *Dos profesores asociados.*

1. Poderá ser nomeado profesor asociado, adscrito a unha específica materia de ensino ou grupo delas dentro dun departamento ou sección departamental, calquera experto de recoñecida competencia, cuxa actividade profesional se desenvolva habitualmente fóra do ámbito docente da Garda Civil e que se vincule temporalmente a un ou varios dos seus centros docentes para complementar, coa transmisión dos seus coñecementos especializados, a docencia exercida por un profesor ordinario, emérito ou visitante, na dita materia ou grupo delas.

2. Entenderase que desenvolve normalmente unha actividade profesional quen exerza calquera daquelas para as cales capacita a titulación que posúe e a exerce tres anos, polo menos, durante os cinco anteriores á súa vinculación como profesor asociado.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, excepcionalmente poderán ser profesores asociados os que sexan expertos de recoñecida competencia aínda que non reúnan as circunstancias temporais sinaladas no dito punto. Para este efecto, deberá mediar informe favorable do xefe da Xefatura de Ensino.

4. Por proposta do xefe do Mando de Persoal, poderán ser tamén designados como profesores asociados os membros da Garda Civil destinados nas unidades de administración, servizos e apoio dun centro docente, logo de autorización do xefe da Xefatura de Ensino, sempre que contén coa competencia necesaria para iso.

5. Con carácter xeral, os profesores asociados serán nomeados polo director xeral da Garda Civil, tendo en conta o seguinte:

a) O persoal da Garda Civil, por proposta do xefe do Mando de Persoal, desenvolverá as súas actividades nos centros docentes da Garda Civil, en réxime de compatibilidade co seu destino principal. A compatibilidade co seu posto de traballo será con dedicación a tempo parcial e terán que exercer, pola súa vez, as funcións do seu destino principal.

b) Para o persoal das Forzas Armadas, será necesaria a autorización previa do xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, do xefe de Persoal da Armada e do xefe do Mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar para o resto.

c) Os funcionarios civís exercerán as súas funcións en virtude do disposto na súa lexislación vixente.

Artigo 87. *Dos profesores colaboradores.*

Terán a consideración de profesores colaboradores os membros da Garda Civil que, estando destinados noutras unidades, centros ou órganos da Garda Civil, sen pertenceren ao cadro de profesores de ningún centro docente e sen prexuízo das funcións propias do seu destino, sexan nomeados polo director xeral da Garda Civil para garantir o cumprimento dos obxectivos que os plans de estudos asignan ao período de prácticas nas súas unidades, centros ou órganos.

CAPÍTULO III

Da selección, permanencia e cesamento do profesorado

Artigo 88. *Da selección de profesores pertencentes á Garda Civil ou ás Forzas Armadas.*

O persoal da Garda Civil ou das Forzas Armadas, en situación de activo ou de reserva, que teña que pertencer ao profesorado dalgún centro docente da Garda Civil será seleccionado de acordo coas respectivas normas reguladoras da clasificación e provisión de destinos, tendo en conta o disposto no artigo 76.

Artigo 89. *Do tempo de permanencia do profesorado ordinario pertencente á Garda Civil ou ás Forzas Armadas.*

1. Os profesores titulares exercerán as súas funcións polo tempo mínimo que se determine de acordo coa normativa de destinos da Garda Civil.

2. Os profesores de número exercerán as súas funcións polo período completo que exixa a docencia da materia ou grupo de materias que teñan encomendadas; ese período poderá ser prorrogado en cursos sucesivos.

Artigo 90. *Da selección do profesorado civil.*

1. Os directores dos centros docentes, de acordo coas previsións da memoria anual a que fai referencia o artigo 78 ou por necesidades excepcionais, propoñerán ao xefe da Xefatura de Ensino o establecemento e, se for o caso, a aplicación, de convenios en materia de profesorado con outros organismos públicos.

2. O xefe da Xefatura de Ensino emitirá informe sobre as propostas e trasladarao ao xefe do Mando de Persoal quen, engadindo o seu propio informe, as presentará ao director xeral da Garda Civil para a resolución que proceda.

3. Quen sexa profesor como consecuencia de convenio cunha Administración pública permanecerá no exercicio das súas funcións consonte o establecido na lexislación vixente sobre o Estatuto básico do emprego público e, con carácter supletorio, o que dispoñen estas normas.

Artigo 91. *Do tempo de permanencia do profesorado extraordinario.*

1. Para os profesores eméritos, o tempo de permanencia no destino será, como mínimo dun curso académico e, como máximo, de tres, prorrogables un mínimo de un e un máximo de dous. En todo caso, o profesor emérito cesará no destino no momento de pasar a retiro.

2. Os profesores visitantes exercerán as súas funcións durante un período mínimo dun curso académico e un máximo de tres.

3. Os profesores asociados desempeñarán as súas funcións polo período que exixa a docencia da específica materia ou materias de ensino a que sexan adscritos, prorrogable en cursos sucesivos.

4. O profesorado colaborador exercerá as súas funcións durante o período de tempo que determine o director xeral da Garda Civil no seu nomeamento.

Artigo 92. *Sobre distintas causas de cesamento nos postos de profesor.*

Os profesores dos centros docentes da Garda Civil cesarán nos seus respectivos postos de traballo cando resulten afectados por algunha das causas seguintes:

- a) Por cambio de destino.
- b) Por perda de condicións psicofísicas que afecten o posto docente que se desempeña.
- c) Por aplicación das normas que regulan os destinos na Garda Civil.

d) Por rendemento pedagóxico insuficiente, logo de audiencia ao interesado, segundo as normas que regulen a avaliación da calidade do ensino na Garda Civil.

e) Os profesores de número e asociados, ademais das anteriores, por imposibilidade sobrevida en relación co seu destino principal.

f) Os profesores civís, ademais das anteriores que lles sexan de aplicación, por extinción ou resolución dos convenios subscritos.

Artigo 93. *Continuidade nos postos de profesor.*

O profesor titular membro da Garda Civil ou das Forzas Armadas que teña que cesar no seu destino por aplicación do disposto na alínea a) do artigo anterior continuará exercendo as súas funcións, en comisión de servizo, no centro ata a terminación do curso académico, salvo que as necesidades do servizo obriguen a anticipar a súa incorporación ao novo destino.

CAPÍTULO IV

Dos profesores tutores

Artigo 94. *Dos profesores tutores.*

1. Nos centros docentes de formación da Garda Civil, e sen prexuízo das actividades de asistencia ao alumnado que debe desempeñar todo profesor, haberá un titor por curso ou por grupo de alumnos pertencentes ao mesmo curso.

2. Os profesores tutores serán profesores que apoien e orienten no seu desenvolvemento académico, persoal e profesional, o curso ou grupo de alumnos encomendado, segundo os criterios e procedementos contidos no plan de acción titorial a que se fai referencia no artigo 16.5.

Artigo 95. *Da selección dos profesores tutores.*

1. Os profesores tutores serán seleccionados de entre os profesores titulares do centro, con experiencia docente de, polo menos, un ano e que preferentemente impartan una mesma materia a todos os alumnos do curso ou grupo respectivo.

2. Os profesores que non fosen designados tutores dun curso ou grupo poderán ser nomeados para prestar apoios a grupos específicos de alumnos que, por repetiren curso, teren materias pendentes ou outros motivos, necesiten de especial orientación.

Artigo 96. *Da designación dos profesores tutores.*

1. Os profesores tutores serán designados, para un tempo non inferior a un período ou curso académico, polo subdirector xefe de Estudos, logo de asesoramento dos xefes de departamento e do Gabinete de Orientación Educativa. De igual modo se procederá cando concorran as causas de cesamento enumeradas no artigo 92, ben que a duración da designación será polo tempo restante dese período ou curso académico.

2. No plan de acción titorial estableceranse os criterios e procedementos para a substitución temporal dos profesores tutores.

Artigo 97. *Das funcións dos profesores tutores.*

1. As funcións asignadas aos profesores tutores dependerán das características específicas de cada centro e da modalidade de ensino e serán recollidas no plan de acción titorial de cada centro.

As principais funcións que desempeña o profesor titor respecto ao curso ou grupo encomendado son as seguintes:

- a) Reunir, ao comezo do curso, todos os alumnos que tutela e informalos acerca dos datos e das referencias que faciliten a súa integración no centro, o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes.
- b) Orientar e asesorar os alumnos do seu curso ou grupo para un mellor desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe e velar polo adecuado desenvolvemento do dito proceso, a través do coñecemento do seu grao de integración neste e da personalidade, capacidades e intereses de cada un.
- c) Manter a debida relación cos profesores do curso ou grupo para informar adecuadamente os alumnos sobre o seu rendemento académico.
- d) Asistir ás sesións de avaliación e de cualificación dos alumnos do seu curso ou grupo, co obxecto de facilitar a información que os cualificadores precisen.
- e) Asesorar na elaboración do informe persoal de cada alumno do seu curso ou grupo e cubrir, na parte que o afecte, a documentación administrativo-pedagóxica do alumnado do seu curso ou grupo.
- f) Colaborar, nos termos que estableza o subdirector xefe de Estudos, co Gabinete de Orientación Educativa, se existe no centro.
- g) Calquera outra función que, dentro do ámbito da súa competencia, determine o réxime interior do centro.

2. Nos períodos en que o módulo, a materia ou a disciplina, segundo o caso, se desenvolvan en unidades, centros e órganos da Garda Civil, do Ministerio de Defensa ou noutras institucións, a acción titorial exercerase no marco das directrices fixadas polo departamento encargado destas actividades.

3. Se a acción titorial non se pode exercer directamente, levaraa a cabo un profesor designado para tal fin, a persoa designada para o seguimento e avaliación destas actividades nas unidades, centros e órganos a que se refire o punto anterior, ou o profesor colaborador que se nomee, se for o caso.

Artigo 98. *Das obrigacións de titoría e de coordinación da actividade dos profesores titores.*

1. O número de horas dedicado polos titores á acción titorial computará dentro do tempo total dedicado ao cumprimento das obrigacións docentes.

2. A dirección do centro fixará, con base nas peculiaridades e modalidades de ensino, o cómputo do tempo dedicado á titoría, que quedará reflectido no plan de acción titorial de cada centro. En calquera caso, a actividade titorial deberá ter lugar, salvo circunstancias excepcionais, dentro do horario lectivo.

3. O subdirector xefe de Estudos coordinará o traballo dos profesores titores mantendo as reunións periódicas necesarias para tal fin.

CAPÍTULO V

Dos dereitos, deberes e obrigacións do profesorado

Artigo 99. *Dos dereitos.*

Son dereitos dos profesores dos centros docentes da Garda Civil:

- a) Exercer as súas funcións docentes e investigadoras empregando os métodos que consideren máis adecuados dentro dos plans e programas de estudos e segundo os criterios didácticos aprobados por cada departamento.
- b) Realizar cursos e tomar parte noutras actividades para actualizar os seus coñecementos específicos, perfeccionar as súas aptitudes docentes e investigadoras ou

mellorar a calidade das súas investigacións, cando o permitan as necesidades do servizo e se cumpra o establecido no réxime interior.

c) Participar na xestión e actividades do centro en que presten servizo, a través dos órganos correspondentes, nos termos que determine o seu respectivo réxime interior.

d) Permanecer no seu posto docente ou investigador durante o tempo mínimo establecido neste réxime do profesorado ou na convocatoria para a provisión do posto de traballo, sen prexuízo do que dispoñen as normas xerais sobre cesamento nos destinos e suspensión de funcións.

e) Dispoñer no marco do departamento, logo de solicitude pola canle regulamentaria e na medida en que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias, dunha asignación anual para a adquisición de elementos de apoio ao ensino e á investigación non previstos entre os medios de que habitualmente dispón o centro no seu inventario. A dispoñibilidade de tales asignacións será proposta, antes do comezo de cada curso académico, ao xefe da Xefatura de Ensino, por instancia do director de cada centro.

Artigo 100. *Dos deberes.*

1. É deber primordial dos profesores dos centros docentes evidenciar, en todo momento, unha profunda dedicación para capacitar profesionalmente os seus alumnos, así como a adecuación dos seus coñecementos ao desenvolvemento da ciencia e da técnica.

2. Os profesores que sexan membros das Forzas Armadas e da Garda Civil serán exemplo permanente e prestarán, ademais, especial atención a inculcar, nos seus alumnos, o profundo coñecemento e respecto aos dereitos humanos, aos principios e valores constitucionais, aos principios básicos de actuación dos membros das forzas e corpos de seguridade, ás características e normas éticas propias da Garda Civil e aos valores e virtudes militares, de acordo co código de conduta do garda civil.

3. Son, ademais, deberes dos ditos profesores:

a) Cumprir as disposicións que regulan o ensino, para lograr a maior calidade e eficacia na adquisición, transmisión, comprobación e perfeccionamento dos coñecementos en interese dos alumnos, da sociedade e da Garda Civil.

b) Exercer as súas funcións mostrando en todo momento o máximo respecto cara ao alumnado.

c) Desempeñar as funcións para as que fosen designados, así como as funcións de tutoría, asistencia ao alumnado e colaboración no terreo psicopedagóxico.

d) Asistir ás xuntas de profesores, ben en pleno ou en comisións, cando sexan convocados, así como ás xuntas docentes e xuntas de coordinación cando así se determine.

e) Cumprir o réxime de dedicación que exige o servizo e facilitar a aplicación do procedemento de avaliación das súas actividades que se estableza.

f) Manter permanentemente actualizado o seu propio proceso de perfeccionamento científico e pedagóxico.

g) Exercer a docencia e levar a cabo as actividades de investigación de acordo cos plans e programas de estudos e os criterios que, respecto diso, establezan os departamentos docentes.

h) Realizar e, se for o caso, revisar, as avaliacións dos seus alumnos coa maior obxectividade e de acordo cos procedementos ou sistemas establecidos.

i) Orientar os seus alumnos, co obxecto de facilitarlles a adquisición dos coñecementos e das aptitudes a que se dirixen os seus estudos, na adecuada elección das posibles materias optativas e, en colaboración cos profesores titores, na construción do seu currículo.

j) Colaborar con outros centros e profesores na consecución dos obxectivos marcados nos correspondentes plans de estudos ou currículo.

Artigo 101. *Do réxime de dedicación do profesorado.*

1. Os profesores titulares, eméritos e visitantes exercerán as súas funcións en réxime de dedicación a tempo completo.

2. A duración da xornada dos ditos profesores será a que se fixe, con carácter xeral, para o persoal da Garda Civil e funcionario en unidades, centros ou órganos da Garda Civil e repartirase entre actividades docentes e investigadoras, de titoría, de asistencia ao alumnado e de atención ás necesidades administrativas e, se for o caso, técnico-profesionais do seu centro docente ou dos órganos deste.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, en circunstancias normais e como referente básico, unha parte da duración da xornada dos profesores titulares debe quedar reservada a tarefas de investigación, coa condición de que se trate de profesorado que teña asignadas funcións docentes e investigadoras.

4. Para os profesores de número e asociados, a duración da súa xornada será a que derive das súas obrigacións tanto docentes e investigadoras como de asistencia ao alumnado.

Artigo 102. *Obrigacións docentes e de asistencia ao alumnado.*

1. O cómputo do tempo dedicado polos profesores ao cumprimento das obrigacións docentes e de asistencia ao alumnado, incluídas as tarefas de ensino a distancia ou as apoiadas en novas tecnoloxías, na súa respectiva materia, poderá facerse por períodos anuais ou mensuais sempre que o permitan as necesidades do servizo. Este aspecto terá que figurar nas normas de réxime interior do centro.

2. Na modalidade de ensino presencial, o tempo semanal, referido ao cómputo total a que fai referencia o punto anterior e dedicado ao cumprimento das ditas obrigacións, será o que se expresa a seguir:

a) Para os profesores titulares, eméritos e visitantes, en circunstancias normais e como referente básico, entre cinco e doce horas lectivas, salvo no ensino de formación para acceso ás escalas de suboficiais e de cabos e gardas, que será entre seis e quince horas lectivas. Para reunións vinculadas á orientación educativa e actividades de asistencia ao alumnado na respectiva materia, cinco horas.

b) Para os profesores de número e asociados, entre un mínimo de dúas e un máximo de seis horas lectivas e, no caso dos profesores de número, un máximo de tres horas para actividades de asistencia ao alumnado na respectiva materia en función das necesidades docentes do centro e do departamento en que presten os seus servizos.

c) Aos profesores eméritos poderán asignárselles obrigacións docentes e de permanencia no centro nun réxime de dedicación diferente ao do resto do profesorado, sempre que iso non sexa en detrimento do exercicio das funcións que se lles poidan encomendar, de acordo co disposto no articulado.

d) Os profesores que teñan cargos de goberno ou académicos poderán ter unha carga docente, en horas semanais, menor que o resto do profesorado, en proporción á que empreguen no desempeño dos citados cargos.

3. Para o cómputo total a que fai referencia o número 1 tomarase como orientación que unha hora de clase presencial comporta dúas horas de preparación, e é de tres horas para os profesores titulares cando a materia/disciplina que se vai impartir o sexa por primeira vez ou o seu contido variase ostensiblemente desde a impartición precedente, a xuízo do xefe de Estudos, con informe do xefe do departamento correspondente. Non se tomará en consideración o tempo de preparación daquelas clases cuxo contido sexa idéntico a outras similares que xa fosen impartidas dentro do mesmo curso académico.

4. O tempo especificado no número 2 éo sen prexuízo do que se requira para a elaboración, corrección e cualificación dos exercicios e probas correspondentes, así como de cantas outras actividades deriven directamente do exercicio da función docente.

5. O tempo dedicado a instrución e adestramento, ao non estar computado nos puntos anteriores, determinarase, para cada centro, en función das súas características e

das circunstancias e especificidades propias da dita materia recollidas nas respectivas directrices xerais e plans de estudos.

6. De igual modo ao sinalado no punto anterior determinarase o tempo dedicado ás ensinanzas a distancia ou ás apoiadas en novas tecnoloxías.

7. O director de cada centro poderá modificar as obrigacións expresadas no número 2 deste artigo para acomodalas ás actividades que se desenvolvan fóra dos centros docentes, ás de carácter extraordinario previstas no seu programa de estudos e ás necesidades docentes de instrución e adestramento.

Artigo 103. *Doutras obrigacións de determinados profesores.*

1. O profesorado titular e de número participará nos tribunais establecidos para os procesos selectivos para o ingreso nos centros docentes, de acordo coas respectivas convocatorias e resolucións que as desenvolvan e, no caso dos profesores civís, co que neste sentido establezan os correspondentes convenios.

2. Todo o profesorado, pertencente á Garda Civil ou ás Forzas Armadas, que sexa titular dunha materia específica deberá realizar, de forma continua ou fraccionada, actividades de actualización da súa experiencia en unidades, xefaturas ou servizos, en que se aplique a materia que impartan; esa actualización terá a duración e periodicidade que se determinen nas normas xerais de réxime interior dos centros docentes.

Os directores dos centros docentes propoñerán, ao xefe da Xefatura de Ensino, os profesores que cada ano deben realizar as ditas actividades de actualización, con expresión do tempo de duración, da unidade proposta e dos obxectivos que debe cumprir cada un.

De igual modo, poderán propoñer que o persoal de apoio á docencia, atendendo ás funcións que desempeñe, realice as actividades de actualización a que se refire este punto.

Artigo 104. *Da exención de obrigacións docentes.*

1. En atención ás necesidades de investigación, o xefe de Estudos poderá propoñer ao director do centro a exención total ou parcial, por tempo máximo dun ano, das obrigacións docentes dalgún dos profesores titulares que o integran se levan, polo menos, catro anos continuados de vinculación como tales a un centro docente da Garda Civil. A resolución da dita proposta, que en ningún caso producirá incremento do profesorado, corresponderá ao xefe do Mando de Persoal, por proposta do xefe da Xefatura de Ensino.

2. A exención de obrigacións docentes implicará o compromiso previo, por parte do interesado, de elaborar un traballo de investigación que deberá ser aprobado, no seu momento, e supervisado, no momento da súa finalización, polo xefe do departamento a que estivese adscrito.

3. Unha vez finalizado o traballo de investigación remitirase ao xefe da Xefatura de Ensino, quen lle dará a oportuna difusión se procede.

Artigo 105. *Da mobilidade para o exercicio de actividades docentes ou investigadoras.*

Os profesores titulares membros da Garda Civil con seis ou máis anos continuados de vinculación como tales a un centro docente da Garda Civil poderán realizar as actividades docentes ou investigadoras vinculadas a unha universidade ou centro docente, nacional ou estranxeiro, de acordo coa lexislación aplicable e os convenios subscritos ou que se subscriban para tal fin.

CAPÍTULO VI

Do control do cumprimento dos deberes e obrigacións do profesorado

Artigo 106. *Comprobación do cumprimento de obrigacións.*

1. Os directores dos centros docentes da Garda Civil comprobarán, mediante o procedemento que se determine na normativa sobre a avaliación da calidade do ensino da Garda Civil, o cumprimento das obrigacións que correspondan ao profesorado segundo o seu réxime de dedicación.

2. Sen prexuízo de que os directores dos centros exerzan, se for o caso, as potestades que legalmente teñan atribuídas na materia, o xefe da Xefatura de Ensino remitirá ao xefe do Mando de Persoal, de consideralo conveniente e como anexo á memoria anual sobre profesorado, un informe-resumo sobre o grao de cumprimento das obrigacións propias do profesorado e as propostas que, á súa vista, considere oportuno formular.

Artigo 107. *Réxime disciplinario.*

1. O profesorado e o persoal de apoio á docencia suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes da Garda Civil rexeranse polo seu réxime disciplinario.

2. O persoal das Forzas Armadas, que sexa profesor nun centro docente da Garda Civil estará suxeito ao seu réxime disciplinario específico.

3. Os profesores civís estarán suxeitos, directa ou supletoriamente, á lexislación sobre réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado nos casos derivados de convenio.

CAPÍTULO VII

Das vacacións, permisos e licenzas do profesorado

Artigo 108. *Do réxime xeral.*

O réxime de vacacións e permisos para o persoal destinado ou en comisión de servizo nos centros docentes da Garda Civil será o establecido con carácter xeral para o persoal acollido ao réxime de dereitos e deberes do corpo, coas especificidades que se recollen neste capítulo.

Artigo 109. *Do profesorado acollido ao réxime de dereitos e deberes da Garda Civil e das Forzas Armadas.*

1. O persoal destinado ou en comisión de servizo nun centro docente da Garda Civil que desempeñe funcións docentes, ou de apoio á docencia, axustará o desfrute do seu crédito de vacacións, preferentemente, aos períodos non lectivos de Semana Santa, Nadal e verán que se establezan no calendario de actividades de cada centro.

2. O xefe da Xefatura de Ensino ditará as instrucións particulares de desfrute de vacacións, permisos por asuntos particulares e permiso en datas sinaladas en atención ás especificidades de cada centro docente.

Artigo 110. *Do profesorado civil.*

Os profesores civís estarán suxeitos, directa ou supletoriamente, á lexislación sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas dos funcionarios da Administración do Estado nos casos derivados de convenio.

Disposición adicional primeira. *Alumnos que ingresasen por acceso directo no centro docente de formación para a incorporación á escala de oficiais.*

Os alumnos que ingresasen por acceso directo no centro docente de formación para a incorporación á escala de oficiais do corpo da Garda Civil durante o período desenvolvido na Academia Xeral Militar e no Centro Universitario da Defensa nela situado rexeranse polo establecido na normativa específica para os membros das escalas de oficiais dos corpos xerais das Forzas Armadas.

Disposición adicional segunda. *Ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais.*

As disposicións contidas nos títulos I e II serán de aplicación supletoria naqueles aspectos das ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos profesionais non regulados expresamente. Os centros docentes que impartan as ditas ensinanzas, na medida en que lles sexan aplicables, deberán axustarse a canto se dispón nesta orde.

Disposición adicional terceira. *Do Centro Universitario da Garda Civil.*

1. Os centros docentes de formación e o Centro Universitario da Garda Civil prestaranse mutua colaboración para o desenvolvemento das ensinanzas, cursos ou programas que teñan encomendados.

2. De acordo co artigo 51.5 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, as ensinanzas de grao e posgrao no Centro Universitario da Garda Civil serán impartidas por persoal que conte coa capacitación adecuada de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como cos correspondentes convenios de adscrición.

3. O persoal destinado no dito centro terá a consideración de profesor cando cumpra, e ademais exerza como tal, coas adaptacións precisas á natureza do seu destino, todo o referente ao disposto nestas normas para o profesor titular.

4. As disposicións contidas nesta orde serán de aplicación supletoria para o Centro Universitario da Garda Civil naqueles aspectos non regulados na súa normativa específica.

5. No libro de normas de réxime interior do acuartelamento onde o Centro Universitario se encontre situado farase mención ás gardas e aos servizos que poderá realizar o persoal nel destinado.

Disposición adicional cuarta. *Persoal destinado nos centros docentes militares das Forzas Armadas.*

Os requisitos xerais e as condicións do exercicio do profesorado establecidos no título III serán de aplicación supletoria ao persoal da Garda Civil destinado nos centros docentes militares no ámbito das Forzas Armadas.

Disposición adicional quinta. *Adaptación de postos orgánicos de profesor.*

O director xeral da Garda Civil dispoñerá que os postos orgánicos de profesor incluídos nas relacións dos centros docentes da Garda Civil recollan os requisitos para a súa ocupación e permanencia, de acordo co disposto no título III.

Disposición transitoria única. *Implantación das normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Garda Civil.*

Ao comezo do curso académico 2021/22 os centros docentes de formación deberán ter axustada a súa organización e funcionamento, réxime interior e programación ao disposto nesta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas expresamente:

a) A Orde do 13 de decembro de 1996 pola que se aproba o réxime do alumnado dos centros docentes militares de formación da Garda Civil.

b) A Orde do 2 de xuño de 1999 pola que se aproban as normas de organización e funcionamento dos centros docentes de formación da Dirección Xeral da Garda Civil e o réxime do profesorado dos centros docentes da dita dirección xeral.

2. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento. Normas xerais de réxime interior dos centros docentes da Garda Civil.*

Autorízase o director xeral da Garda Civil para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas instrucións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

En particular aprobará as normas xerais de réxime interior dos centros docentes da Garda Civil.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o exposto no punto anterior, os títulos II e III serán de aplicación a partir do inicio do curso académico 2021/22.

Madrid, 11 de xaneiro de 2021.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, Carmen Calvo Poyato.

ANEXO

Fórmulas de nomeamento de profesor de número, visitante ou asociado

«Noméase profesor (de número/visitante/asociado*) de (nome do centro docente), adscrito ao (departamento/sección departamental*), sen prexuízo do seu actual destino e en compatibilidade con el, o (emprego, nome e apelidos), para a/as materia/s (nome da/das materia/s), polo período de tempo comprendido entre o (data de inicio) e o (data de finalización).»

Nota: o período cumprido como profesor de número ou asociado terase en conta para o cómputo do tempo exercido como profesorado.

* Rísquese o que non proceda.